


# RESULTADOS TÉCNICO-ECONÓMICOS DAS EXPLOTACIÓNS DE VACÚN DE LEITE EN GALICIA 2009

Fernando Barbeyto Nistal e Claudio López Garrido  
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO



XUNTA DE GALICIA





**Edita:** Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Deseño e Maquetación:** Gráficas Garabal

**Fotografías:** José Ángel Salvatierra  
Ángeles Román Vilar  
Fernando Barbeyto Nistal  
Claudio López Garrido

**Ano:** 2012

**Imprime:** Gráficas Garabal

**Depósito Legal:** C 297-2012

**ISBN:** 978-84-453-5030-0

# RESULTADOS TÉCNICO-ECONÓMICOS DAS EXPLOTACIÓNS DE VACÚN DE LEITE EN GALICIA 2009

Fernando Barbeyto Nistal

Claudio López Garrido

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
Santiago de Compostela  
2012



# ÍNDICE

|  |            |
|--|------------|
| <b>INTRODUCCIÓN</b> .....  | <b>7</b>   |
| <b>1. XENERALIDADES</b> .....  | <b>9</b>   |
| 1.1. Evolución da produción e do número de explotacións .....                                    | 11         |
| 1.2. Prezo do leite .....  | 13         |
| <b>2. RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2009</b> .....                            | <b>17</b>  |
| <b>3. EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2005–2009)</b> .....   | <b>23</b>  |
| <b>4. ANÁLISE DOS GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2009</b> .....                    | <b>29</b>  |
| 4.1. Resultados técnicos .....   | 31         |
| 4.2. Resultados económicos .....   | 31         |
| <b>5. EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN (2008-2009)</b> .....                                   | <b>35</b>  |
| <b>6. RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO, DA INTENSIFICACIÓN E DOS PREZOS</b> .....                 | <b>41</b>  |
| 6.1. Resultados en función do tamaño do rabaño .....   | 43         |
| 6.2. Resultados por tamaño da Superficie Agraria Útil .....                                      | 47         |
| 6.3. Resultados por volume do leite comercializado .....   | 51         |
| 6.4. Resultados en función da carga gandeira .....   | 55         |
| 6.5. Resultados en función do rendemento leiteiro .....  | 59         |
| 6.6. Resultados en función da produción por unidade de superficie .....                          | 63         |
| 6.7. Resultados en función do uso do concentrado .....   | 67         |
| 6.8. Resultados en función do prezo do leite .....   | 71         |
| 6.9. Resultados en función do prezo do concentrado .....   | 75         |
| <b>7. AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS NO MARCO EUROPEO</b> .....   | <b>79</b>  |
| 7.1. Comparación xeral .....   | 81         |
| 7.2. Comparación entre países .....  | 85         |
| 7.2.1. Evolución dos resultados (2008-2009) .....  | 88         |
| 7.2.2. Evolución dos custos de produción (2008-2009) .....                                       | 92         |
| 7.3. A produción ecolóxica de leite en Europa .....  | 97         |
| 7.4. Metodoloxía EDF para a comparación dos custos de produción .....                            | 104        |
| 7.4.1. Cálculo do custo da produción .....   | 104        |
| 7.4.2. Cifras clave da comparación dos custos de produción da EDF para explotacións leiteiras .. | 105        |
| 7.4.3. Tipos de cambio .....   | 107        |
| 7.4.4. Salarios .....  | 108        |
| <b>CONCLUSIÓNS</b> .....   | <b>109</b> |





## INTRODUCCIÓN

Rematado o programa de xestión das explotacións de leite en Galicia que se iniciara en 1977 con financiamento público, non todas as Agrupacións de Xestión de Explotacións (Axes), constituídas para tal efecto, perviven. Os resultados técnico-económicos do exercicio de 2009 que se presentan nesta memoria foron elaborados a partir da información facilitada voluntariamente por aquelas Axes que seguen a prestar asistencia técnica e contable aos seus asociados.

Os datos relativos á cota láctea das explotacións son os oficiais de final da campaña 2009-2010 e, polo tanto, reflicten a distribución da cota o 31 de marzo de 2010.

Aínda que o traballo segue o esquema de anos anteriores, ampliouse a información relativa ao prezo do leite e á comparación internacional dos custos de produción para explicar a situación do sector na actualidade.

Os datos proceden de 171 explotacións de vacún de leite de toda Galicia no período que abrangue de xaneiro a decembro de 2009. A súa distribución, en función do volume da produción, mostra (Táboa 1) que o tamaño medio das explotacións do grupo das Axes se aproxima bastante á media galega. A produción media por explotación é superior á de 2008 en todos os estratos.<sup>1</sup>

**Táboa 1.** Distribución da cota láctea galega e da produción das explotacións das Axes

| Cota ou produción/<br>explotación | Distribución da cota de Galicia |            |                  |            | Distribución da produción das Axes |              |            |                 |            |                           |
|-----------------------------------|---------------------------------|------------|------------------|------------|------------------------------------|--------------|------------|-----------------|------------|---------------------------|
|                                   | Explotacións                    |            | Cota total       |            | Cota por explotación               | Explotacións |            | Produción total |            | Produción por explotación |
|                                   | t                               | nº         | %                | t          | %                                  | kg           | nº         | %               | 1.000 L    | %                         |
| <100                              | 6.712                           | 46,4       | 289.513          | 13,0       | 47.067                             | 4            | 2,3        | 355             | 0,4        | 88.873                    |
| 100 - 299                         | 5.153                           | 38,7       | 904.299          | 40,8       | 174.837                            | 58           | 33,9       | 12.802          | 15,9       | 220.732                   |
| 300 - 599                         | 1.561                           | 11,7       | 637.088          | 28,7       | 404.265                            | 65           | 38,0       | 27.425          | 34,0       | 421.926                   |
| 600 - 1.199                       | 383                             | 2,9        | 306.740          | 13,8       | 804.754                            | 38           | 22,2       | 32.850          | 40,7       | 843.077                   |
| ≥1.200                            | 46                              | 0,3        | 80.985           | 3,7        | 1.795.230                          | 6            | 3,5        | 7.294           | 9,0        | 1.458.944                 |
| <b>Total</b>                      | <b>13.315</b>                   | <b>100</b> | <b>2.218.624</b> | <b>100</b> | <b>159,154</b>                     | <b>171</b>   | <b>100</b> | <b>80.726</b>   | <b>100</b> | <b>472.268</b>            |

<sup>1</sup> Consellería do Medio Rural. *Resultados do programa de xestión de vacún de leite en Galicia en 2008*. Xunta de Galicia, 2009



1.

## XENERALIDADES






## 1.1. Evolución da produción de leite e do número de explotacións

Na campaña de 2009-2010, que rematou o 31 de marzo de 2010, desapareceron en Galicia só 191 explotacións leiteiras. Esta insignificante redución do número de explotacións débese á ausencia dun programa de abandono subsidiado, e para ter unha cifra máis próxima da real teríase que incluír boa parte das 1.946 cesións temporais que se produciron nese período, pois é probable que estas explotacións non volvan producir leite. De considerar conxuntamente ambas as dúas cifras como abandonos, a taxa de desaparición das explotacións superaría as de 2004 e 2005, anos en que se ultrapasou o 13%, e mesmo se triplicaría a de 2008.

Por outra parte, a cota total de Galicia ampliouse en 69.087 t, o que supón un incremento do 3,2% respecto ao ano anterior. A cota media por explotación tamén aumentou en 7.472 kg, o que representa un incremento do 4,7%, semellante ao dos dous últimos anos (Gráfico 1 e Táboa 2).

**Gráfico 1.** Evolución do número de explotacións e da cota/explotación (kg) en Galicia





Ademais da desaparición das explotacións, cómpre salientar as transferencias de cota dos estratos inferiores aos superiores. As explotacións de menos de 100 t de cota pasaron de representar o 47,2% das totais e de dispor do 14% da cota total na campaña 2008-2009 a ser o 46,3% das totais co 13,1% da cota total na de 2009-2010, e as explotacións de máis de 300 t de cota, que eran o 13,2% das totais e contaban co 42,5% da cota, pasaron a ser o 15% co 46,2% da cota (Gráficos 2 e 3). Polo tanto, a tendencia á concentración da produción de leite nun número de explotacións cada vez menor, con rabaños de maior tamaño, mantense.

**Táboa 2.** Evolución da cota e do número de explotacións leiteiras por estrato de tamaño

| Cota                               | 2008          |            |                      |            | 2009          |            |                      |            |
|------------------------------------|---------------|------------|----------------------|------------|---------------|------------|----------------------|------------|
|                                    | Explotacións  |            | Cota total           |            | Explotacións  |            | Cota total           |            |
| Kg                                 | Nº            | %          | kg                   | %          | Nº            | %          | kg                   | %          |
| < 39.999                           | 2.850         | 21,1       | 59.158.640           | 2,8        | 2.771         | 20,8       | 57.192.105           | 2,6        |
| 40.000 - 99.999                    | 3.529         | 26,1       | 241.078.557          | 11,2       | 3.401         | 25,5       | 232.320.905          | 10,5       |
| 100.000 - 149.999                  | 2.178         | 16,1       | 268.001.368          | 12,5       | 2.057         | 15,4       | 252.927.579          | 11,4       |
| 150.000 - 299.999                  | 3.167         | 23,4       | 666.502.103          | 31,0       | 3.096         | 23,3       | 651.371.201          | 29,4       |
| 300.000 - 599.999                  | 1.398         | 10,4       | 565.161.989          | 26,3       | 1.561         | 11,7       | 637.087.889          | 28,7       |
| 600.000 - 1.199.999                | 343           | 2,5        | 276.030.579          | 12,8       | 383           | 2,9        | 306.739.760          | 13,8       |
| 1.200.000 - 2.399.999              | 33            | 0,2        | 49.836.468           | 2,3        | 38            | 0,3        | 57.096.995           | 2,6        |
| ≥ 2.400.000                        | 8             | 0,1        | 23.767.989           | 1,1        | 8             | 0,1        | 23.887.989           | 1,1        |
| <b>TOTAL</b>                       | <b>13.506</b> | <b>100</b> | <b>2.149.537.693</b> | <b>100</b> | <b>13.315</b> | <b>100</b> | <b>2.218.624.423</b> | <b>100</b> |
| <b>Cota media (kg/explotación)</b> |               |            | <b>159.154</b>       |            |               |            | <b>166.626</b>       |            |


Fonte: Consellería do Medio Rural

**Gráfico 2.** Evolución da distribución das explotacións (%) en Galicia por estratos de tamaño de cota por explotación

**Gráfico 3.** Evolución da distribución da cota (%) en Galicia por estratos de tamaño de cota por explotación

## 1.2. Prezo do leite

A evolución do prezo do leite permite entender os resultados económicos das explotacións. Despois da excepcional suba de 2007, o prezo do leite en Galicia non deixaría de descender ata xullo de 2009, ano en que comezaría unha lixeira recuperación que, porén, nin sequera chegaría a alcanzar o nivel de 2006. De feito, o prezo medio anual de 2009 foi un 6,5% inferior ao de 2006, un 24,2% respecto do de 2007 e un 24,8% do de 2008, aínda que a percepción da caída foi máis negativa, pois entre decembro de 2007 e o mesmo mes de 2009 o descenso do prezo foi do 37,9% (Gráfico 4).


**Gráfico 4.** Evolución do prezo do leite (€/100 L) en Galicia (2006-2009)

Fonte: Instituto Galego de Estatística e Observatorio do Sector Lácteo

O prezo medio do leite en Galicia segue a ser inferior ao de España. A diferenza media anual (2,33 €/100 L) en 2009 foi superior á de 2008 (2,24 €/100 L), alcanza o máximo en abril (2,98 €/100 L) e o mínimo en xaneiro (1,74 €/100 L).

O prezo seguiu o mesmo curso descendente de 2008 ata o mes de xullo de 2009, onde comezou unha lixeira recuperación que se prolongaría ata decembro e mesmo ata a primavera de 2010. Esta tendencia é semellante á seguida en Europa<sup>2</sup> aínda que os procedementos de cálculo utilizados sexan diferentes (Gráfico 5).

**Gráfico 5 .** Evolución do prezo do leite en Galicia, España e a UE (2007 -2009)




Fonte: MAPA e Observatorio do Sector Lácteo

Pola súa parte, a evolución do prezo do leite na UE, segundo os datos de LTO Nederland, parece seguir a mesma tendencia que a dos EUA, mais con un trimestre de atraso, o que fai que tanto as subas como as baixadas sexan menos bruscas. No caso de Nova Zelandia, a referencia son as poxas de Fonterra, e contrariamente ao que acontecía en 2007, desde xaneiro de 2008 en diante a evolución do prezo do leite é moi parecida a dos EUA (Gráfico 6).



<sup>2</sup> O prezo do leite estimado por LTO Nederland calcúlase en €/100 kg para un leite homoxeneizado ao 4,2% de graxa e 3,4% de proteína, con menos de 25.000 bacterias e de 250.000 células somáticas e un volume anual de leite comercializado de 500.000 kg.



**Gráfico 6.** Evolución do prezo do leite (€/100 kg) en Nova Zelandia, EUA e UE (2007-2009).

Fonte: LTO Nederland

A distribución das explotacións en función da súa produción e do prezo do leite mostra que non só o prezo medio xeral en 2009 (28,25 €/100 L) foi inferior ao prezo mínimo de 2007 (29,65 €/100 L) e de 2008 (33,97€/100 L), senón que tamén o prezo máximo de 2009 (33,26 €/100 L) é inferior ao prezo medio dos dous anos anteriores (37,02 €/100 L en 2007 e 37,5 €/100 L en 2008).

Así mesmo, en 2009 o prezo mínimo do estrato de máis de 700.000 L (27,63 €/100 L) foi superior ao prezo medio do estrato inferior (25,53 €/100 L) e mesmo do de 100.001-200.000 L (26,72 €/100 L), e o prezo medio do estrato superior (30,41 €/100 L) é máis alto que o prezo máximo do estrato inferior (30,23 €/100 L).


Aínda que a diferenza do prezo medio entre o estrato inferior e o superior está preto do 19%, en termos absolutos, nos tres últimos anos, a diferenza entre o prezo medio do estrato superior e o do inferior pasou de 6,49 €/100 L en 2007 a 4,88 €/100 L en 2009.

Esta redución da diferenza de prezos entre estratos indica que en tempos de crise as explotacións de maior tamaño se poden ver mesmo máis afectadas que as pequenas.

Esta brusca e continuada baixada do prezo do leite é a razón fundamental dos pésimos resultados económicos de 2009 e da alteración dos plans de investimento previstos polos produtores. Por outra parte, nos tres anos de referencia, máis do 85% das explotacións recibiu un prezo polo leite inferior á media xeral (Táboa 3).

Táboa 3. Prezo do leite (€/100 L) e número de explotacións segundo a produción en 2007-2009

| Ano  | L/explotación   | ≤ 100.000 | 100.001-200.000 | 200.001-300.000 | 300.001-400.000 | 400.001-700.000 | > 700.000 | Total  |
|------|-----------------|-----------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------|--------|
| 2007 | Nº explotacións | 6.425     | 3.661           | 1.726           | 759             | 765             | 251       | 13.587 |
|      | Prezo medio     | 32,96     | 35,70           | 36,98           | 38,12           | 38,89           | 39,45     | 37,02  |
|      | Prezo máximo    | 42,16     | 44,96           | 46,20           | 47,66           | 48,94           | 49,00     | 46,49  |
|      | Prezo mínimo    | 25,46     | 28,59           | 30,15           | 30,84           | 31,01           | 31,87     | 29,65  |
| 2008 | Nº explotacións | 6.380     | 3.622           | 1.722           | 759             | 766             | 257       | 13.506 |
|      | Prezo medio     | 33,96     | 35,93           | 37,17           | 38,70           | 39,24           | 40,02     | 37,50  |
|      | Prezo máximo    | 41,67     | 44,46           | 45,96           | 46,87           | 48,01           | 48,33     | 45,88  |
|      | Prezo mínimo    | 30,81     | 32,58           | 33,22           | 35,20           | 35,76           | 36,23     | 33,97  |
| 2009 | Nº explotacións | 6.173     | 3.421           | 1.735           | 770             | 932             | 286       | 13.317 |
|      | Prezo medio     | 25,53     | 26,72           | 27,80           | 29,32           | 29,72           | 30,41     | 28,25  |
|      | Prezo máximo    | 30,23     | 31,80           | 32,86           | 34,43           | 34,54           | 35,68     | 33,26  |
|      | Prezo mínimo    | 23,34     | 23,63           | 25,01           | 26,98           | 27,15           | 27,63     | 25,62  |



2.

## RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2009





O número de explotacións que participou no estudo de 2009 é inferior ao de 2008 e o seu tamaño medio algo maior, tanto en volume de produción comercializada como en número de vacas e superficie (Táboa 4). A produción media por explotación no grupo de explotacións analizado (472.268 litros) é moi superior á media das explotacións galegas, aténdenos á cota láctea media por explotación (159.154 kg).

A carga gandeira, medida tanto en vacas como en unidades de gando maior (UGM) por ha, é superior á de 2008 (1,8 vs. 1,7 vacas/ha e 2,56 vs. 2,47 UGM/ha) e o rendemento leiteiro tamén é superior ao do ano anterior (8.517 vs. 7.891 L/vaca) e, polo tanto, tamén o é a produción de leite por unidade de superficie (15.296 vs. 13.288 L/ha).

O custo da fertilización por hectárea en 2009 foi inferior ao de 2008, ano en que xa fora menor que o de 2007. O consumo de concentrado reduciuse lixeiramente (2.901 vs. 2.944 kg/vaca), o que non significou un rendemento menor por vaca (8.517 vs. 7.891 L/vaca), e mellorou a relación entre o consumo de concentrado e a produción leiteira, que pasou de 370 g/L en 2008 a 340 g/L en 2009. Na redución do gasto en concentrado, ademais do menor consumo, tamén influíu a baixada do seu prezo (284 vs. 308 €/t), o que provocou que a relación entre o prezo do leite e o do concentrado pasase de 1,28 a 1,09.

Os resultados económicos empeoraron en relación cos de 2008 (Táboa 5). Tanto a marxe neta como o beneficio experimentaron un descenso importante debido á baixada do prezo do leite e dos ingresos totais, malia a redución do custo de produción provocada pola diminución dos custos variables. Pola contra, os custos fixos aumentaron e os de oportunidade permaneceron relativamente estables. Dentro destes, os relativos á terra e capitais propios reducíronse, mentres os do traballo familiar aumentaron.

O 75,4% das explotacións de 2009 tamén estiveron presentes na análise de 2008. A evolución deste grupo permanente de 129 explotacións é coincidente coa da totalidade, aínda que as variacións son menos acusadas nos índices técnicos. O número de vacas, a superficie e a carga gandeira apenas variaron respecto de 2008, e o rendemento leiteiro experimentou un lixeiro incremento (1,3%) que se plasmou no aumento da produción de leite por unidade de superficie (3,3%) e da produción comercializada por explotación (3,7%).

O efecto combinado dunha leve redución do consumo de concentrado por vaca (2,2%) co incremento do rendemento leiteiro explica que a relación entre consumo de concentrado e produción de leite pasase de 370 a 350 g/L.

En 2009, o prezo medio anual do leite experimentou un descenso moi importante (23,4%) respecto ao ano anterior, e o prezo do concentrado, que aumentara un 22% en 2008, baixou un 9%.

Os custos variables diminuíron un 18,1%, no entanto os fixos aumentaron un 4,9% e os de oportunidade un 3,9%. O resultado foi unha redución do custo de produción nun 12,3% e dos custos totais nun 10%.

Os ingresos totais baixaron un 15,5%, a marxe neta un 23,5% e o beneficio un 42,4%. Estes resultados económicos son os peores da última década en termos reais, e en termos monetarios só son comparables aos de 2003, que foi un exercicio pésimo.

Táboa 4. Índices técnicos. Valores medios 2008-2009

|   | 2008    | 2009    | 2008 - 2009 |         |
|---|---------|---------|-------------|---------|
| Número total de explotacións                    | 328     | 171     |             |         |
| Número de explotacións comúns                   |         |         | 129         |         |
| <b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>                  |         |         |             |         |
| SAU (ha)  | 29,9    | 30,9    | 29,2        | 29,3    |
| Nº de vacas                                     | 50,3    | 55,4    | 54,8        | 56,1    |
| Produción comercializada (L/expl.)              | 393.735 | 470.358 | 471.864     | 489.402 |
| Produción /SAU (L/ha)                           | 13.288  | 15.296  | 16.204      | 16.732  |
| <b>MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN</b>       |         |         |             |         |
| Vacas/ha  | 1,7     | 1,8     | 1,9         | 1,9     |
| UGM/ha  | 2,47    | 2,56    | 2,71        | 2,76    |
| Partos/vaca/ano                                 | 0,81    | 0,84    | 0,87        | 0,86    |
| Fertilizantes (€/ha)                            | 180     | 171     | 216         | 186     |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b> |         |         |             |         |
| Rendemento (L/vaca)                             | 7.891   | 8.517   | 8.624       | 8.739   |
| Concentrado (kg/vaca)                           | 2.944   | 2.901   | 3.160       | 3.090   |
| Concentrado/leite (g/L)                         | 370     | 340     | 370         | 350     |
| <b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)</b>         |         |         |             |         |
| Compra de concentrado                           | 12,10   | 8,99    | 12,15       | 8,73    |
| Compra de forraxes                              | 0,81    | 0,82    | 0,96        | 0,87    |
| Produción de forraxes propias                   | 3,78    | 3,15    | 3,50        | 2,96    |
| <b>CALIDADE DO LEITE</b>                        |         |         |             |         |
| % graxa   | 3,89    | 3,82    | 3,89        | 3,83    |
| % proteína                                      | 3,17    | 3,18    | 3,16        | 3,18    |
| Bacterioloxía (000)                             | 29      | 24      | 23          | 23      |
| Células somáticas (000)                         | 230     | 229     | 226         | 226     |
| <b>PREZOS</b>                                   |         |         |             |         |
| Leite (€/100 L)                                 | 39,66   | 31,19   | 40,79       | 31,24   |
| Concentrado (€/t)                               | 308     | 284     | 312         | 284     |
| Relación prezos leite/concentrado               | 1,28    | 1,09    | 1,30        | 1,10    |

Táboa 5. Índices económicos. Valores medios 2008-2009

|   | 2008    | 2009    | 2008 - 2009 |         |
|---|---------|---------|-------------|---------|
| Número total de explotacións              | 328     | 171     |             |         |
| Número de explotacións comúns             |         |         | 129         |         |
| <b>RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)</b>     |         |         |             |         |
| <b>INGRESOS</b>                           |         |         |             |         |
| Venda de leite                            | 39,66   | 31,19   | 40,79       | 31,24   |
| Venda de animais                          | 1,82    | 2,13    | 2,03        | 2,09    |
| Variación do inventario                   | 1,20    | 1,38    | 0,93        | 1,37    |
| Outros ingresos                           | 4,09    | 6,01    | 4,59        | 6,13    |
| Produto bruto                             | 46,78   | 40,71   | 48,33       | 40,83   |
| <b>CUSTOS VARIABLES</b>                   |         |         |             |         |
| Compra de gando                           | 0,65    | 0,72    | 0,63        | 0,83    |
| Compra alimentos vacas                    | 12,91   | 9,81    | 13,11       | 9,60    |
| Compra alimentos recría                   | 1,84    | 1,83    | 2,17        | 1,94    |
| Produción propia, forraxes                | 3,78    | 3,15    | 3,50        | 2,96    |
| Sanidade e reprodución                    | 2,71    | 2,68    | 2,74        | 2,68    |
| Enerxía e maquinaria                      | 3,07    | 2,95    | 3,46        | 2,97    |
| Total Custos Variables                    | 24,95   | 21,14   | 25,63       | 20,98   |
| <b>CUSTOS FIXOS</b>                       |         |         |             |         |
| Amortizacións técnicas                    | 3,29    | 3,01    | 2,85        | 2,86    |
| Man de obra retribuída                    | 1,18    | 1,30    | 1,40        | 1,36    |
| Outros custos fixos                       | 3,93    | 4,92    | 4,51        | 4,97    |
| Total Custos Fixos                        | 8,40    | 9,23    | 8,76        | 9,19    |
| Custo de produción                        | 33,35   | 30,37   | 34,39       | 30,17   |
| <b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE</b>             |         |         |             |         |
| Xuros dos capitais propios                | 1,94    | 1,32    | 1,58        | 1,15    |
| Renda das terras propias                  | 1,27    | 1,16    | 1,08        | 1,08    |
| Custo do traballo familiar                | 3,14    | 3,83    | 3,02        | 3,68    |
| Total Custo de Oportunidade               | 6,35    | 6,31    | 5,68        | 5,90    |
| Custos Totais                             | 39,7    | 36,68   | 40,07       | 36,07   |
| <b>RESULTADOS ECONÓMICOS</b>              |         |         |             |         |
| Marxe neta                                | 13,43   | 10,34   | 13,94       | 10,66   |
| Beneficio                                 | 7,08    | 4,03    | 8,26        | 4,76    |
| <b>RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)</b> |         |         |             |         |
| Venda de leite                            | 156.172 | 146.720 | 192.461     | 152.905 |
| Produto bruto                             | 184.170 | 191.498 | 228.057     | 199.835 |
| Total Custos Variables                    | 98.234  | 99.456  | 120.917     | 102.697 |
| Total Custos Fixos                        | 33.072  | 43.397  | 41.355      | 44.952  |
| Custo Total de Produción                  | 131.306 | 142.854 | 162.273     | 147.649 |
| Custo Total de Oportunidade               | 24.985  | 29.688  | 26.821      | 28.885  |
| Custos Totais                             | 156.291 | 172.542 | 189.094     | 176.534 |
| Marxe neta                                | 52.863  | 48.644  | 65.784      | 52.185  |
| Beneficio                                 | 27.878  | 18.956  | 38.963      | 23.300  |





# 3.

## EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2005–2009)





A serie de resultados das 18 explotacións que estiveron presentes en todas as análises realizadas entre 2005 e 2009 ofrece unha perspectiva da evolución do sector lácteo galego no último lustro (Táboa 6).

Aínda que o incremento porcentual da Superficie Agraria Útil media das explotacións é do 16,7% e o do tamaño do rabaño do 14,3%, en termos absolutos o aumento é modesto. A carga gandeira, medida en vacas, permaneceu constante (2 vacas/ha) e, medida en UGM, apenas variou (2,83 UGM/ha en 2005 vs. 2,89 UGM/ha en 2009).

O uso de fertilizantes químicos diminuíu, aínda que o aumento do seu prezo elevou lixeiramente o seu custo. Mais o realmente salientable é a evolución do consumo de concentrado por vaca e do rendemento leiteiro, moi ligados ao prezo do leite. A produción de leite por vaca aumentou ata 2007 para baixar lixeiramente nos anos seguintes, mentres o consumo de concentrado non deixou de descender desde 2006. A evolución de ambas as dúas variables mostra como unha redución do consumo de concentrado non ten por que supor unha baixada do rendemento leiteiro. Así, mentres en 2005 se consumían 2.990 kg/vaca para un rendemento de 8.336 L/vaca, en 2009 obtivéronse 8.645 L/vaca con 2.982 kg/vaca, pasando a relación entre consumo de concentrado e produción de leite de 360 a 340 g/L nese período, o que supón unha mellora do 5,9% (Gráfico 7).

O prezo medio anual do leite, despois da suba espectacular de 2007, mantívose bastante alto durante boa parte de 2008, e logo produciuse un descenso que se agudizaría dramaticamente en 2009. Pola súa parte, o prezo do concentrado non deixou de aumentar desde 2006 e, malia que descendeu en 2009, manteríase por riba do nivel de 2007, co que a relación entre o prezo do leite e o do concentrado (1,05) é a peor desde que se iniciou o programa de xestión das explotacións leiteiras en 1977.

A consecuencia da variación do prezo do leite, o produto bruto, que se elevara considerablemente en 2007 e se mantivera en 2008, sufriría un descenso do 16,9% en 2009 respecto ao ano anterior.

Os custos variables, que aumentaran un 26,3% desde 2006, descenderon en 2009, aínda que se mantiveron por riba do nivel de 2007. Iso permitiu, no entanto, que os custos fixos seguisen a crecer e que os custos de produción se reduciran un 5,8% en 2009. Os custos totais diminuíron un 2,7% malia ter aumentado os de oportunidade, non obstante, son superiores aos de 2007 (Táboa 7).

A marxe neta e o beneficio, que non deixaran de aumentar ata 2007 conforme a evolución de custos e ingresos, experimentaron unha contracción do 40,4% na marxe neta e do 67,8% no beneficio en 2009. Cómpre lembrar que en 2008 o descenso xa fora do 20,8% e do 31,9%, respectivamente, para ambas as dúas variables, en relación con 2007 (Gráfico 8). Estes son os peores resultados económicos rexistrados desde o inicio do programa de xestión. As cifras deflactadas aínda serían inferiores.

Táboa 6. Evolución dos índices técnicos da mostra permanente (2005-2009)

|   | 2005    | 2006    | 2007    | 2008    | 2009    |
|---|---------|---------|---------|---------|---------|
| Número de explotacións                          | 18      | 18      | 18      | 18      | 18      |
| <b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>                  |         |         |         |         |         |
| SAU media (ha)                                  | 22,2    | 24,9    | 26,1    | 25,9    | 25,9    |
| Nº medio de vacas                               | 45,2    | 45,9    | 47,2    | 49,5    | 51,7    |
| Produción media comercializada (L)              | 373.556 | 395.100 | 410.115 | 431.596 | 446.352 |
| Produción /SAU (L/ha)                           | 16.951  | 15.967  | 15.779  | 16.682  | 17.253  |
| <b>MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN</b>       |         |         |         |         |         |
| Vacas/ha  | 2,0     | 1,8     | 1,8     | 1,9     | 2,0     |
| UGM/ha  | 2,83    | 2,58    | 2,58    | 2,75    | 2,89    |
| Partos/vaca/ano                                 | 0,84    | 0,86    | 0,86    | 0,89    | 0,82    |
| Fertilizantes (€/ha)                            | 194     | 188     | 173     | 205     | 204     |
| N kg/ha   | 144     | 126     | 120     | 98      | 102     |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> kg/ha             | 105     | 99      | 56      | 58      | 41      |
| K <sub>2</sub> O kg/ha                          | 77      | 67      | 53      | 39      | 28      |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b> |         |         |         |         |         |
| Rendemento (L/vaca)                             | 8.336   | 8.658   | 8.729   | 8.717   | 8.645   |
| Concentrado (kg/vaca)                           | 2.990   | 3.122   | 3.111   | 3.098   | 2.982   |
| Concentrado/Leite (g/L)                         | 360     | 360     | 360     | 360     | 340     |
| <b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)</b>         |         |         |         |         |         |
| Compra de concentrado                           | 8,36    | 8,23    | 9,83    | 12,18   | 10,42   |
| Compra de forraxes                              | 0,90    | 0,96    | 0,73    | 0,55    | 0,59    |
| Produción de forraxes propias                   | 3,62    | 3,45    | 3,95    | 4,36    | 3,86    |
| <b>CALIDADE DO LEITE</b>                        |         |         |         |         |         |
| % graxa   | 3,92    | 3,83    | 3,83    | 3,81    | 3,72    |
| % proteína                                      | 3,19    | 3,19    | 3,21    | 3,16    | 3,18    |
| Bacterioloxía (000)                             | 19      | 11      | 14      | 20      | 20      |
| Células (000)                                   | 214     | 216     | 228     | 230     | 221     |
| <b>PREZOS</b>                                   |         |         |         |         |         |
| Leite (€/100 L)                                 | 33,13   | 32,01   | 40,13   | 40,33   | 29,61   |
| Concentrado (€/t)                               | 224     | 219     | 259     | 325     | 282     |
| Relación prezos leite/concentrado               | 1,47    | 1,46    | 1,54    | 1,24    | 1,05    |

Táboa 7. Evolución dos índices económicos da mostra permanente (2005-2009)

|   | 2005    | 2006    | 2007    | 2008    | 2009    |
|---|---------|---------|---------|---------|---------|
| Explotacións                              | 18      | 18      | 18      | 18      | 18      |
| <b>RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)</b>     |         |         |         |         |         |
| <b>INGRESOS</b>                           |         |         |         |         |         |
| Venda de leite                            | 33,13   | 32,01   | 40,13   | 40,33   | 29,61   |
| Venda de animais                          | 2,76    | 2,75    | 2,35    | 2,01    | 2,24    |
| Variación do inventario                   | 0,70    | 0,46    | 1,31    | 0,62    | 1,66    |
| Total Outros Ingresos                     | 1,04    | 4,5     | 5,32    | 6,09    | 7,23    |
| Produto bruto                             | 37,62   | 39,71   | 49,10   | 49,06   | 40,75   |
| <b>CUSTOS VARIABLES</b>                   |         |         |         |         |         |
| Compra de gando                           | 0,83    | 0,69    | 0,80    | 0,99    | 0,66    |
| Compra alimentos vacas                    | 9,26    | 9,19    | 10,56   | 12,73   | 11,01   |
| Compra alimentos recría                   | 1,00    | 0,83    | 1,11    | 1,31    | 1,15    |
| Producción propia, forraxes               | 3,62    | 3,45    | 3,95    | 4,36    | 3,86    |
| Sanidade e reprodución                    | 2,64    | 2,73    | 2,84    | 2,82    | 2,76    |
| Enerxía e maquinaria                      | 2,49    | 2,49    | 2,01    | 2,25    | 1,97    |
| Total Custos Variables                    | 19,83   | 19,38   | 21,28   | 24,47   | 21,39   |
| <b>CUSTOS FIXOS</b>                       |         |         |         |         |         |
| Amortizacións técnicas                    | 1,89    | 1,86    | 1,87    | 1,98    | 2,10    |
| Man de obra retribuída                    | 0,74    | 0,54    | 0,44    | 0,65    | 0,91    |
| Outros custos fixos                       | 3,31    | 4,44    | 5,45    | 6,19    | 6,96    |
| Total Custos Fixos                        | 5,94    | 6,84    | 7,76    | 8,82    | 9,97    |
| Custo de produción                        | 25,77   | 26,22   | 29,04   | 33,29   | 31,36   |
| <b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE</b>             |         |         |         |         |         |
| Xuros dos capitais propios                | 0,80    | 1,80    | 0,14    | 0,82    | 0,84    |
| Renda das terras propias                  | 1,43    | 1,51    | 1,53    | 1,37    | 1,34    |
| Custo do traballo familiar                | 3,05    | 2,88    | 2,66    | 2,86    | 3,76    |
| Custo Total de Oportunidade               | 5,27    | 6,19    | 4,33    | 5,05    | 5,94    |
| Custos Totais                             | 31,04   | 32,41   | 33,37   | 38,34   | 37,30   |
| <b>RESULTADOS ECONÓMICOS</b>              |         |         |         |         |         |
| Marxe neta                                | 11,85   | 13,49   | 20,06   | 15,76   | 9,39    |
| Beneficio                                 | 6,58    | 7,30    | 15,73   | 10,72   | 3,45    |
| <b>RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)</b> |         |         |         |         |         |
| Venda de leite                            | 123.745 | 126.452 | 164.534 | 174.073 | 132.173 |
| Produto bruto                             | 140.535 | 156.905 | 201.360 | 211.719 | 181.873 |
| Total Custos Variables                    | 74.066  | 76.551  | 87.264  | 105.603 | 95.484  |
| Total Custos Fixos                        | 22.195  | 27.039  | 31.822  | 38.076  | 44.482  |
| Custo Total de Produción                  | 96.261  | 103.591 | 119.087 | 143.679 | 139.966 |
| Custo Total de Oportunidade               | 19.698  | 24.467  | 17.770  | 21.777  | 26.502  |
| Custos Totais                             | 116.259 | 128.057 | 136.856 | 165.456 | 166.468 |
| Marxe neta                                | 44.275  | 53.314  | 82.273  | 68.039  | 41.906  |
| Beneficio                                 | 24.576  | 28.846  | 64.503  | 46.262  | 15.404  |

Gráfico 7. Evolución da SAU, número de vacas, produción de leite e consumo de concentrado por vaca (2005-2009)





Gráfico 8. Evolución dos custos variables, fixos, marxe neta e prezo do leite (2005-2009)



# 4.

## ANÁLISE DOS GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS EN 2009







Para explicar as diferenzas entre as explotacións realizouse unha análise de grupos mediante a comparación dos resultados medios da totalidade cos dous grupos de cabeza e cola, que reúnen, respectivamente, o 25% das explotacións cos mellores resultados e o 25% que obteñen os peores. O criterio utilizado para ordenar as explotacións e definir os grupos en función dos resultados económicos é a relación porcentual entre o custo total de produción e o produto bruto da explotación.

#### 4.1. Resultados técnicos

As 42 explotacións que forman o grupo de cabeza teñen unha superficie menor que as de cola (28,8 vs. 36,2 ha), un número de vacas lixeiramente inferior (55,3 vs. 57,3 vacas) e un volume de produción comercializada superior (488.050 vs. 475.930 L/explotación) (Táboa 8).

A carga gandeira é superior no grupo de cabeza, tanto en vacas (1,9 vs. 1,6 vacas/ha) como en UGM (2,58 vs. 2,35 UGM/ha), igual que o rendemento leiteiro (8.853 vs. 8.356 L/vaca) e a produción por unidade de superficie (16.981 vs. 13.210 L/ha).

O grupo de cabeza ten un gasto máis alto en fertilizantes (173 vs. 115 €/ha), un consumo de concentrado algo inferior (2.872 vs. 2.976 kg/vaca) e unha relación mellor entre concentrado consumido e produción de leite (320 vs. 360 g/L) (Gráfico 9).

Como no grupo de cabeza, o prezo do leite foi algo superior e o do concentrado, inferior. A relación entre ambos os dous prezos (1,12 vs. 1,07) propiciou unha vantaxe adicional para este grupo, xa que o seu consumo de concentrado foi menor.

A diferenza cos resultados de anos anteriores,<sup>3</sup> as explotacións de cabeza son máis intensivas e con maior volume de produción que as de cola.

#### 4.2. Resultados económicos

Os ingresos procedentes da venda do leite son superiores no grupo de cabeza (31,81 vs. 30,65 €/100 L) e de maneira máis clara en termos de produto bruto (42,65 vs. 38,87 €/100 L). Os resultados globais por explotación por estes mesmos conceptos tamén son superiores no grupo de cabeza debido ao seu maior volume de produción (Táboa 9).

Tanto os custos variables (16,07 vs. 24,65 €/100) como os fixos (8,49 vs. 11,29 €/100 L) foron inferiores no grupo de cabeza e, en consecuencia, tamén o foron os custos de produción (24,56 vs. 35,94 €/100 L). Igual aconteceu cos custos de oportunidade (5,89 vs. 6,54 €/100 L), e o resultado final foi unha marxe neta superior (18,10 vs. 2,93 €/100 L) e un beneficio de 12,21 €/100 L no grupo de cabeza fronte a unha perda de 3,60 €/100 L no de cola. Estas diferenzas son constatables tanto en termos relativos como globais por explotación (Gráfico 10).

Os resultados mostran que para a rendibilidade dunha explotación é tan importante o control dos custos de produción como o prezo do leite ou os ingresos. Así, a diferenza entre o produto bruto do grupo de cabeza e o de cola é de 3,78 €/100 L, mentres

<sup>3</sup> Véxanse as publicacións da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia *Resultados do programa de xestión de vacún de leite en Galicia* en 2006, 2007 e 2008.

a existente entre o custo de produción de ambos os dous grupos elévase a 11,38 €/100 L. En definitiva, as explotacións de cabeza teñen mellores resultados porque o seu manexo é máis eficiente que o das explotacións de cola.


**Táboa 8.** Índices técnicos en 2009

|   | Media Xeral | G. Cabeza | G. Cola |
|---|-------------|-----------|---------|
| Número de explotacións                          | 171         | 42        | 42      |
| <b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>                  |             |           |         |
| SAU (ha)  | 30,9        | 28,8      | 36,2    |
| Nº de vacas                                     | 55,4        | 55,3      | 57,3    |
| Produción comercializada (L)                    | 470.358     | 488.050   | 475.930 |
| Produción /SAU (L/ha)                           | 15.296      | 16.981    | 13.210  |
| <b>MANEXO DO GANDO</b>                          |             |           |         |
| Vacas/ha  | 1,8         | 1,9       | 1,6     |
| UGM/ha  | 2,56        | 2,58      | 2,35    |
| Partos/vaca/ano                                 | 0,84        | 0,82      | 0,83    |
| <b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>                  |             |           |         |
| Fertilizantes (€/ha)                            | 171         | 173       | 115     |
| N (kg/ha)                                       | 77          | 75        | 57      |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> (kg/ha)           | 31          | 39        | 21      |
| K <sub>2</sub> O (kg/ha)                        | 23          | 24        | 16      |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b> |             |           |         |
| Rendemento (L/vaca)                             | 8.517       | 8.853     | 8.356   |
| Concentrado (kg/vaca)                           | 2.901       | 2.872     | 2.976   |
| Concentrado/leite (g/L)                         | 340         | 320       | 360     |
| <b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)</b>         |             |           |         |
| Compra de concentrado                           | 8,99        | 5,41      | 10,72   |
| Compra de forraxes                              | 0,82        | 0,44      | 1,02    |
| Produción de forraxes propias                   | 3,15        | 2,08      | 3,22    |
| <b>CALIDADE DO LEITE</b>                        |             |           |         |
| % graxa   | 3,82        | 3,79      | 3,84    |
| % proteína                                      | 3,18        | 3,19      | 3,18    |
| Bacterioloxía (000)                             | 24          | 24        | 24      |
| Células somáticas (000)                         | 229         | 236       | 249     |
| <b>PREZOS</b>                                   |             |           |         |
| Leite (€/100 L)                                 | 31,19       | 31,81     | 30,65   |
| Concentrado (€/t)                               | 284         | 282       | 286     |
| Relación prezos leite/concentrado               | 1,09        | 1,12      | 1,07    |


Táboa 9. Índices económicos en 2009

|   | Media Xeral | G. Cabeza | G. Cola |
|---|-------------|-----------|---------|
| Número de explotacións                    | 171         | 42        | 42      |
| <b>RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)</b>     |             |           |         |
| <b>INGRESOS</b>                           |             |           |         |
| Venda de leite                            | 31,19       | 31,81     | 30,65   |
| Variación do inventario                   | 1,38        | 1,70      | 0,73    |
| Venda de animais                          | 2,13        | 2,09      | 2,52    |
| Outros ingresos                           | 6,01        | 7,05      | 4,97    |
| Produto bruto                             | 40,71       | 42,65     | 38,87   |
| <b>CUSTOS VARIABLES</b>                   |             |           |         |
| Compra de gando                           | 0,72        | 1,04      | 0,76    |
| Compra alimentos vacas                    | 9,81        | 5,85      | 11,74   |
| Compra alimentos recría                   | 1,83        | 1,97      | 2,09    |
| Produción propia, forraxes                | 3,15        | 2,08      | 3,22    |
| Sanidade e reprodución                    | 2,68        | 2,71      | 2,87    |
| Enerxía e maquinaria                      | 2,95        | 2,42      | 3,96    |
| Total Custos Variables                    | 21,14       | 16,07     | 24,65   |
| <b>CUSTOS FIXOS</b>                       |             |           |         |
| Amortizacións técnicas                    | 3,01        | 2,60      | 3,84    |
| Man de obra retribuída                    | 1,30        | 1,19      | 1,80    |
| Outros custos fixos                       | 4,92        | 4,70      | 5,65    |
| Total Custos Fixos                        | 9,23        | 8,48      | 11,29   |
| Custo de produción                        | 30,37       | 24,56     | 35,94   |
| <b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE</b>             |             |           |         |
| Xuros dos capitais propios                | 1,32        | 1,09      | 1,45    |
| Renda das terras propias                  | 1,16        | 1,11      | 1,31    |
| Custo do traballo familiar                | 3,83        | 3,69      | 3,78    |
| Total Custo de Oportunidade               | 6,31        | 5,89      | 6,54    |
| Custos Totais                             | 36,68       | 30,45     | 42,48   |
| <b>RESULTADOS ECONÓMICOS</b>              |             |           |         |
| Marxe neta                                | 10,34       | 18,10     | 2,93    |
| Beneficio                                 | 4,03        | 12,21     | -3,60   |
| <b>RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)</b> |             |           |         |
| Venda de leite                            | 146.720     | 155.259   | 145.850 |
| Produto bruto                             | 191.498     | 208.167   | 184.996 |
| Total Custos Variables                    | 99.456      | 78.439    | 117.304 |
| Total Custos Fixos                        | 43.398      | 41.405    | 53.725  |
| Custo Total de Produción                  | 142.854     | 119.844   | 171.029 |
| Custo Total de Oportunidade               | 29.688      | 28.753    | 31.122  |
| Custos Totais                             | 172.542     | 148.597   | 202.151 |
| Marxe neta                                | 48.644      | 88.323    | 13.967  |
| Beneficio                                 | 18.956      | 59.570    | -17.155 |

**Gráfico 9.** SAU, número de vacas, produción de leite e consumo de concentrado por vaca dos grupos de cabeza e cola e media xeral



**Gráfico 10.** Custos variables, fixos e marxe neta dos grupos de cabeza e cola e media xeral



# 5.

## EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN 2008–2009





As 129 explotacións que estiveron presentes, tanto na análise de 2008 como na de 2009, foron ordenadas en función da variación experimentada pola relación entre o custo de produción (sen considerar os custos de oportunidade) e o produto bruto, tal como se fixera na análise de anos anteriores. O grupo de explotacións que reduciron esa relación de 2008 a 2009 foi denominado “grupo de redución” e os que a aumentaron, “grupo de incremento”.

Contrariamente ao acontecido en 2008, cando o aumento dos prezos dos insumos impediu que a redución das cantidades físicas utilizadas se reflectise nos custos, en 2009 a totalidade das explotacións conseguiu reducir os seus custos variables.

O prezo medio anual do leite reduciuse en máis dun 23% en ambos os dous grupos e o mesmo aconteceu co produto bruto, que diminuíu en maior medida no grupo de redución que no de incremento (17,7% vs. 6,7%).

Os custos variables, os de produción e os totais, que eran superiores no grupo de redución en 2008, pasaron a ser inferiores aos do grupo de incremento en 2009. O resultado final é unha diminución do 20% na marxe neta e do 32,8% no beneficio no grupo de redución, no entanto no de incremento os descensos eran maiores: 37,3% na marxe neta e 66,7% no beneficio (Táboa 10).

Por outra parte, se no grupo de redución os custos variables diminuíron un 22,3% e os totais un 14,4%, os fixos case non variaron (- 0,5%) e os de oportunidade creceron un 1,5%; no grupo de incremento os custos variables apenas variaron (- 0,5%), mais os fixos aumentaron un 27,2%, os de oportunidade un 8,4% e os totais un 6,8 (Gráfico 11).

As dificultades económicas obrigaron a moitas explotacións a pospor os investimentos previstos; mais as que non os puideron postergar, por seren imprescindibles, tiveron que asumir un incremento dos custos fixos en plena alza dos variables.

Non existen diferenzas de superficie entre ambos os dous grupos, aínda que o de incremento ten un número algo menor de vacas (52,4 vs. 57,1 vacas), o que supón unha carga gandeira lixeiramente máis baixa, así como unha produción total (449.794 vs. 500.375 L) e por unidade de superficie (15.411 vs. 17.096 L/ha) tamén inferiores. A relación entre o prezo do leite e o do concentrado era, e segue a ser, parecida en ambos os dous grupos (Táboa 11).

O grupo de redución ten un rendemento leiteiro medio superior (8.778 vs. 8.588 L/vaca) e, igual que o ano anterior, o seu consumo de concentrado por vaca é máis alto (3.123 vs. 2.969 kg/vaca) que no grupo de incremento (Gráfico 12).

A relación entre consumo de concentrado e produción de leite no grupo de redución, malia a súa mellora respecto do ano anterior, segue a ser peor que a do grupo de incremento (360 vs. 350 g/L). Na redución do custo da alimentación incide tanto o menor prezo do concentrado como o aumento do volume de produción.

Cómpre salientar que mentres no grupo de incremento diminuíu o concentrado consumido e o rendemento por vaca (4,4% e 2,1%, respectivamente) e a carga gandeira crecía un 5,9%; no de redución, o descenso no consumo de concentrado (1,6%) non impedía o aumento do rendemento leiteiro (2,2%) para unha carga gandeira constante. Iso significou a mellora da relación entre consumo de concentrado e produción de leite (2,7%) no grupo de redución, no entanto mantívose constante no de incremento.

A maioría dos gandeiros tratou de reducir os seus custos, mais non todos foron capaces de facelo sen perder eficiencia produtiva.

Táboa 10. Evolución dos resultados económicos nos grupos con incremento e redución dos custos de produción (2008-2009)


|   | Grupo de Incremento |         |       | Grupo de redución |         |       | Media Xeral |         |       |
|---|---------------------|---------|-------|-------------------|---------|-------|-------------|---------|-------|
|   | 2008                | 2009    | (%)   | 2008              | 2009    | (%)   | 2008        | 2009    | (%)   |
| Número de explotacións                    | 28                  | 28      |       | 101               | 101     |       | 129         | 129     |       |
| <b>RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)</b>     |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| <b>INGRESOS</b>                           |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| Venda de leite                            | 41,09               | 31,45   | -23.5 | 40,71             | 31,19   | -23.4 | 40,79       | 31,24   | -23.4 |
| Venda de animais                          | 1,54                | 1,72    | 11.7  | 2,16              | 2,18    | 0.9   | 2,03        | 2,09    | 3.0   |
| Variación do inventario                   | 0,17                | 1,75    | 929.4 | 1,13              | 1,28    | 13.3  | 0,93        | 1,37    | 47.3  |
| Outros ingresos                           | 4,43                | 9,15    | 106.5 | 4,63              | 5,37    | 16.0  | 4,59        | 6,13    | 33.6  |
| Produto bruto                             | 47,22               | 44,07   | -6.7  | 48,62             | 40,03   | -17.7 | 48,33       | 40,83   | -15.5 |
| Venda leite/Produto bruto (%)             | 87,0                | 71,3    | -18.0 | 83,7              | 77,9    | -6.9  | 84,3        | 76,5    | -9.3  |
| <b>CUSTOS VARIABLES</b>                   |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| Compra de gando                           | 0,34                | 1,62    | 376.5 | 0,71              | 0,63    | -11.3 | 0,63        | 0,83    | 31.7  |
| Compra alimentos vacas                    | 12,14               | 11,02   | -9.2  | 13,37             | 9,25    | -30.8 | 13,11       | 9,60    | -26.8 |
| Concentrados                              | 11,63               | 10,23   | -12.0 | 12,29             | 8,35    | -32.1 | 12,15       | 8,73    | -28.1 |
| Forraxes                                  | 0,51                | 0,79    | 54.9  | 1,08              | 0,89    | -17.6 | 0,96        | 0,87    | -9.4  |
| Compra alimentos recría                   | 1,86                | 1,92    | 3.2   | 2,25              | 1,94    | -13.8 | 2,17        | 1,94    | -10.6 |
| Produción propia, forraxes                | 4,68                | 4,18    | -10.7 | 3,20              | 2,66    | -16.9 | 3,50        | 2,96    | -15.4 |
| Sanidade e reprodución                    | 2,88                | 2,93    | 1.7   | 2,71              | 2,62    | -3.3  | 2,74        | 2,68    | -2.2  |
| Energía e maquinaria                      | 2,65                | 2,76    | 4.2   | 3,67              | 3,03    | -17.4 | 3,46        | 2,97    | -14.2 |
| Total Custos Variables                    | 24,55               | 24,42   | -0.5  | 25,91             | 20,13   | -22.3 | 25,63       | 20,98   | -18.1 |
| <b>CUSTOS FIXOS</b>                       |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| Amortizacións técnicas                    | 2,94                | 3,37    | 14.6  | 2,83              | 2,73    | -3.5  | 2,85        | 2,86    | 0.4   |
| Man de obra retribuída                    | 1,19                | 1,45    | 21.8  | 1,45              | 1,34    | -7.6  | 1,40        | 1,36    | -2.9  |
| Outros custos fixos                       | 4,29                | 5,89    | 37.3  | 4,58              | 4,73    | 3.3   | 4,51        | 4,97    | 10.2  |
| Total Custos Fixos                        | 8,42                | 10,71   | 27.2  | 8,85              | 8,81    | -0.5  | 8,76        | 9,19    | 4.9   |
| Custo de produción                        | 32,97               | 35,13   | 6.6   | 34,76             | 28,93   | -16.8 | 34,39       | 30,17   | -12.3 |
| <b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE</b>             |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| Xuros dos capitais propios                | 1,49                | 1,16    | -22.1 | 1,61              | 1,15    | -28.6 | 1,58        | 1,15    | -27.2 |
| Renda das terras propias                  | 1,36                | 1,43    | 5.1   | 1,00              | 1,00    | 0     | 1,08        | 1,08    | 0     |
| Custo do traballo familiar                | 2,74                | 3,47    | 28.6  | 2,59              | 3,12    | 20.5  | 3,02        | 3,68    | 21.9  |
| Total Custo de Oportunidade               | 5,59                | 6,06    | 8.4   | 5,19              | 5,27    | 1.5   | 5,68        | 5,90    | 3.9   |
| Custos Totais                             | 38,56               | 41,19   | 6.8   | 39,95             | 34,20   | -14.4 | 40,07       | 36,07   | -10.0 |
| <b>RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)</b> |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| Venda de leite                            | 185.221             | 141.457 | -23.6 | 194.468           | 156.078 | -19.7 | 192.461     | 152.905 | -20.6 |
| Produto bruto                             | 212.865             | 198.236 | -6.9  | 232.269           | 200.278 | -13.8 | 228.060     | 199.835 | -12.4 |
| Total Custos Variables                    | 110.669             | 109.868 | -0.7  | 123.758           | 100.709 | -18.6 | 120.917     | 102.697 | -15.1 |
| Total Custos Fixos                        | 37.952              | 48.172  | 26.9  | 42.299            | 44.060  | 4.2   | 41.356      | 44.952  | 8.7   |
| Custo Total de Produción                  | 148.622             | 158.040 | 6.3   | 166.057           | 144.769 | -12.8 | 162.273     | 147.650 | -9.0  |
| Custo Total de Oportunidade               | 25.203              | 27.240  | 8.1   | 24.814            | 26.347  | 6.2   | 26.821      | 28.885  | 7.7   |
| Custos Totais                             | 173.825             | 185.280 | 6.6   | 190.871           | 171.115 | -10.4 | 189.093     | 176.535 | -6.6  |
| Marxe neta                                | 64.243              | 40.196  | -37.4 | 66.211            | 55.509  | -16.2 | 65.784      | 52.185  | -20.7 |
| Beneficio                                 | 39.040              | 12.956  | -66.8 | 41.397            | 29.162  | -29.6 | 38.963      | 23.300  | -40.2 |




Táboa 11. Evolución dos índices técnicos nos grupos con incremento e redución dos custos de produción (2008-2009)

|   | Grupo de Incremento |         |       | Grupo de redución |         |       | Media Xeral |         |       |
|---|---------------------|---------|-------|-------------------|---------|-------|-------------|---------|-------|
|   | 2008                | 2009    | (%)   | 2008              | 2009    | (%)   | 2008        | 2009    | (%)   |
| Número de explotacións                          | 28                  | 28      |       | 101               | 101     |       | 129         | 129     |       |
| <b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>                  |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| SAU (ha)  | 30,6                | 29,2    | -4.6  | 28,8              | 29,3    | 1.7   | 29,2        | 29,3    | 0.3   |
| Nº de vacas                                     | 51,4                | 52,4    | 1.9   | 55,7              | 57,1    | 2.5   | 54,8        | 56,1    | 2.4   |
| Produción comercializada (L/expl.)              | 450.794             | 449.819 | -0.2  | 477.706           | 500.375 | 4.7   | 471.864     | 489.402 | 3.7   |
| Produción/SAU (L/ha)                            | 14.742              | 15.411  | 4.5   | 16.635            | 17.096  | 2.8   | 16.204      | 16.732  | 3.3   |
| <b>MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN</b>       |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| Vacas/ha  | 1,7                 | 1,8     | 5.9   | 1,9               | 1,9     | 0     | 1,9         | 1,9     | 0     |
| UGM/ha  | 2,61                | 2,65    | 1.5   | 2,74              | 2,79    | 1.8   | 2,71        | 2,76    | 1.8   |
| Partos/vaca/ano                                 | 0,84                | 0,89    | 6.0   | 0,88              | 0,85    | -3.4  | 0,87        | 0,86    | -1.1  |
| Fertilizantes (€/ha)                            | 195                 | 192     | -1.5  | 223               | 184     | -17.5 | 216         | 186     | -13.9 |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b> |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| Rendimento (L/vaca)                             | 8.775               | 8.588   | -2.1  | 8.585             | 8.778   | 2.2   | 8.624       | 8.739   | 1.3   |
| Concentrado (kg/vaca)                           | 3.106               | 2.969   | -4.4  | 3.175             | 3.123   | -1.6  | 3.160       | 3.090   | -2.2  |
| Concentrado/produción leite (g/L)               | 350                 | 350     | 0     | 370               | 360     | -2.7  | 370         | 350     | -5.4  |
| <b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)</b>         |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| Compra concentrado                              | 11,63               | 10,23   | -12.0 | 12,29             | 8,35    | -32.1 | 12,15       | 8,73    | -28.1 |
| Compra de forraxes                              | 0,51                | 0,79    | 54.9  | 1,08              | 0,89    | -17.6 | 0,96        | 0,87    | -9.4  |
| Produción forraxes propias                      | 4,68                | 4,18    | -10.7 | 3,20              | 2,66    | -16.9 | 3,50        | 2,96    | -15.4 |
| <b>CALIDADE DO LEITE</b>                        |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| % graxa   | 3,87                | 3,82    | -1.3  | 3,89              | 3,83    | -1.5  | 3,89        | 3,83    | -1.5  |
| % proteína                                      | 3,17                | 3,20    | 0.9   | 3,16              | 3,18    | 0.6   | 3,16        | 3,18    | 0.6   |
| Bacterioloxía (000)                             | 21                  | 21      | 0     | 24                | 23      | -4.2  | 23          | 23      | 0     |
| Células somáticas (000)                         | 208                 | 208     | 0     | 232               | 231     | -0.4  | 226         | 226     | 0     |
| <b>PREZOS</b>                                   |                     |         |       |                   |         |       |             |         |       |
| Leite (€/100 L)                                 | 41,09               | 31,45   | -23.5 | 40,71             | 31,19   | -23.4 | 40,79       | 31,24   | -23.4 |
| Concentrado (€/t)                               | 312                 | 288     | -7.7  | 313               | 283     | -9.6  | 313         | 284     | -9.3  |
| Relación prezos leite/concentrado               | 1,31                | 1,09    | -16.8 | 1,30              | 1,10    | -15.4 | 1,30        | 1,10    | -15.4 |

**Gráfico 11.** Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite nos grupos con redución e incremento de custos e media xeral



**Gráfico 12.** Produción de leite por vaca, concentrado por vaca e gastos en fertilizantes por hectárea nos grupos con redución e incremento de custos e media xeral



# 6.

## RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO, DA INTENSIFICACIÓN E DOS PREZOS





As análises de anos anteriores mostraban que as pequenas explotacións eran máis eficientes que as grandes, mais tamén que o seu pequeno tamaño era o factor limitante para mellorar os seus resultados.

Utilizáronse tres criterios de dimensión para explicar as diferenzas de resultados entre explotacións de diferente tamaño: número de vacas, superficie agraria útil destinada á produción de leite e volume de produción comercializada.

Para mostrar a incidencia da intensificación nos resultados das explotacións seleccionáronse, como criterios de estratificación, a carga gandeira, o rendemento leiteiro das vacas, a produción de leite por unidade de superficie e a relación entre consumo de concentrado e produción de leite.

## 6.1. Resultados en función do tamaño do rabaño

O número de vacas permite a comparación entre explotacións, mesmo se carecen de terras. Como en anos anteriores, os datos indican que a medida que aumenta o número de vacas, tamén o fai a superficie e a carga gandeira. A maior tamaño, maior é a intensificación. De facto, os resultados técnicos (Táboa 12) mostran que existe unha relación positiva entre o tamaño do rabaño, superficie, carga gandeira, rendemento leiteiro, consumo de concentrado por vaca e prezo do leite e, obviamente, produción comercializada (Gráfico 13).

O estrato superior ten a carga gandeira máis alta e a relación máis desfavorable entre consumo de concentrado e produción de leite, mais non é o que máis gasta en fertilizantes, como en anos anteriores.

As primas que as industrias pagan en función do volume de entregas explican o prezo máis alto do leite e a mellor relación entre este e o do concentrado nas explotacións de maior tamaño.

No prezo do concentrado, o tamaño parece influír menos que outras circunstancias como a proximidade a unha industria ou o mellor funcionamento da cooperativa da que se é socio, mais neste ano tamén moitas explotacións optaron por comprar un concentrado de menor calidade e cun prezo máis baixo.

Os resultados económicos mostran que as explotacións con maior número de vacas non teñen un produto bruto superior, malia recibir un prezo do leite máis alto, porque os outros ingresos son inferiores. Neste exercicio, as explotacións de menos de 20 vacas tiveron unhas entradas excepcionalmente altas por outros ingresos, o que xunto ás vendas de animais explican que o seu produto bruto sexa superior ao do resto dos estratos (Táboa 13).

Os custos variables máis baixos son os das explotacións de máis de 60-80 vacas, así como os do estrato de 20-40 vacas, que mesmo son algo inferiores aos do estrato superior. O mesmo acontece cos custos de produción, mentres os custos de oportunidade diminúen a medida que aumenta o tamaño do rabaño, igual que os custos totais.

O beneficio aumenta co tamaño do rabaño e a marxe neta tamén, a excepción dos estratos extremos, debido á venda de animais e a outros ingresos que no estrato inferior alcanzan a cifra máis alta (18,68 €/100 L), mentres a do superior é a máis baixa (8,81 €/100 L) (Gráfico 14).


As explotacións con maiores rabaños teñen un beneficio unitario máis alto que as pequenas, malia que o seu produto bruto é inferior e de seren máis intensivas grazas aos seus menores custos de oportunidade e ás economías de escala derivadas do seu maior tamaño. Isto non pasaba en anos anteriores, o que indica que as explotacións grandes melloraron o manexo.

Táboa 12. Índices técnicos por número de vacas en 2009


| Número de vacas                                 | < 20    | 20 – 40 | 40 – 60 | 60 – 80 | ≥ 80      |
|---|---------|---------|---------|---------|-----------|
| Número de explotacións                          | 7       | 58      | 52      | 25      | 29        |
| <b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>                  |         |         |         |         |           |
| SAU media (ha)                                  | 17,3    | 21,9    | 31,6    | 34,9    | 47,4      |
| Número medio de vacas                           | 16,8    | 32,1    | 49,5    | 70,5    | 109,2     |
| Produción comercializada (L/expl.)              | 110.788 | 240.493 | 398.158 | 627.073 | 1.011.245 |
| Produción /SAU (L/ha)                           | 6.457   | 11.122  | 12.656  | 18.011  | 21.370    |
| <b>MANEXO DO GANDO</b>                          |         |         |         |         |           |
| Vacas/ha  | 1,00    | 1,50    | 1,60    | 2,00    | 2,30      |
| UGM/ha  | 1,50    | 2,22    | 2,41    | 2,97    | 3,40      |
| Partos/vaca/ano                                 | 0,95    | 0,81    | 0,84    | 0,88    | 0,88      |
| <b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>                  |         |         |         |         |           |
| Fertilizantes (€/ha)                            | 67      | 148     | 172     | 228     | 216       |
| N (kg/ha)                                       | 21      | 57      | 77      | 120     | 118       |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> (kg/ha)           | 8       | 29      | 28      | 44      | 39        |
| K <sub>2</sub> O (kg/ha)                        | 15      | 23      | 22      | 20      | 30        |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b> |         |         |         |         |           |
| Rendemento (L/vaca)                             | 6.641   | 7.591   | 8.081   | 8.905   | 9.271     |
| Concentrado (kg/vaca)                           | 1.969   | 2.478   | 2.866   | 3.418   | 3.588     |
| Concentrado/leite (g/L)                         | 300     | 330     | 350     | 380     | 390       |
| <b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)</b>         |         |         |         |         |           |
| Compra de concentrado                           | 8,76    | 8,45    | 9,47    | 9,34    | 8,73      |
| Compra de forraxes                              | 0,09    | 0,64    | 0,87    | 0,47    | 1,08      |
| Produción de forraxes propias                   | 4,37    | 3,49    | 3,47    | 2,99    | 2,80      |
| <b>CALIDADE DO LEITE</b>                        |         |         |         |         |           |
| % graxa   | 3,94    | 3,84    | 3,86    | 3,71    | 3,78      |
| % proteína                                      | 3,13    | 3,17    | 3,19    | 3,18    | 3,21      |
| Bacterioloxía (000)                             | 31      | 27      | 22      | 19      | 23,2      |
| Células somáticas (000)                         | 205     | 241     | 227     | 201     | 238       |
| <b>PREZOS</b>                                   |         |         |         |         |           |
| Leite (€/100 L)                                 | 27,85   | 30,37   | 30,63   | 31,54   | 31,88     |
| Concentrado (€/t)                               | 300     | 282     | 282     | 289     | 285       |
| Relación prezos leite/concentrado               | 0,92    | 1,07    | 1,08    | 1,08    | 1,11      |

Táboa 13. Índices económicos por número de vacas en 2009


| Número de vacas                         | < 20  | 20 – 40 | 40 – 60 | 60 – 80 | ≥ 80  |
|---|-------|---------|---------|---------|-------|
| Número de explotacións                  | 7     | 58      | 52      | 25      | 29    |
| <b>INGRESOS (€/100 L)</b>               |       |         |         |         |       |
| Venda de leite                          | 27,85 | 30,37   | 30,63   | 31,54   | 31,88 |
| Venda de animais                        | 6,02  | 2,31    | 2,27    | 1,92    | 1,96  |
| Variación do inventario                 | 2,17  | 1,06    | 1,73    | 1,24    | 1,34  |
| Outros ingresos                         | 10,49 | 5,81    | 6,55    | 6,18    | 5,51  |
| Produto bruto                           | 46,53 | 39,55   | 41,18   | 40,88   | 40,69 |
| <b>CUSTOS VARIABLES (€/100 L)</b>       |       |         |         |         |       |
| Compra de gando                         | 0,44  | 0,65    | 0,73    | 0,62    | 0,82  |
| Compra alimentos vacas                  | 8,85  | 9,10    | 10,34   | 9,82    | 9,81  |
| Compra alimentos recría                 | 1,46  | 1,62    | 1,78    | 1,77    | 2,01  |
| Produción propia, forraxes              | 4,37  | 3,49    | 3,47    | 2,99    | 2,80  |
| Sanidade e reprodución                  | 3,59  | 2,67    | 2,57    | 2,66    | 2,75  |
| Enerxía e maquinaria                    | 3,33  | 3,27    | 3,15    | 2,87    | 2,69  |
| Total Custos Variables                  | 22,04 | 20,80   | 22,04   | 20,73   | 20,88 |
| <b>CUSTOS FIXOS (€/100 L)</b>           |       |         |         |         |       |
| Amortizacións técnicas                  | 4,35  | 3,51    | 2,81    | 2,56    | 3,12  |
| Outros custos fixos                     | 7,91  | 5,01    | 5,17    | 5,31    | 4,39  |
| Man de obra retribuída                  | 0     | 0,64    | 0,73    | 0,90    | 2,28  |
| Total Custos Fixos                      | 12,25 | 9,16    | 8,70    | 8,77    | 9,79  |
| Custo de produción                      | 34,28 | 29,96   | 30,74   | 29,50   | 30,67 |
| <b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)</b> |       |         |         |         |       |
| Xuros dos capitais propios              | 2,57  | 1,78    | 1,32    | 1,32    | 1,08  |
| Renda das terras propias                | 2,67  | 1,52    | 1,49    | 0,82    | 0,74  |
| Custo do traballo familiar              | 10,83 | 5,99    | 4,22    | 3,44    | 2,37  |
| Total Custo de Oportunidade             | 16,07 | 9,29    | 7,03    | 5,58    | 4,19  |
| Custos Totais                           | 50,35 | 39,25   | 37,77   | 35,08   | 34,86 |
| <b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)</b>  |       |         |         |         |       |
| Marxe neta                              | 12,25 | 9,59    | 10,44   | 11,38   | 10,02 |
| Beneficio                               | -3,82 | 0,30    | 3,41    | 5,80    | 5,83  |



**Gráfico 13.** SAU (ha), número medio de vacas por explotación, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) segundo o tamaño por número de vacas en 2009



**Gráfico 14.** Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite por número de vacas en 2009





## 6.2. Resultados por tamaño da Superficie Agraria Útil

Para os efectos de estratificación segundo a base territorial, enténdese como Superficie Agraria Útil (SAU) a destinada exclusivamente á alimentación do gando de leite.

A medida que aumenta a SAU, maior é o número de vacas e a produción total de leite. Porén, a produción por hectárea máis alta é a dos estratos de menos de 20 ha e de 30-40 ha, que son os que teñen maior carga gandeira, en vacas por hectárea.

Os rendementos leiteiros máis altos coinciden cos consumos de concentrado por vaca, tamén máis elevados, e correspóndense cos estratos de 30-40 e 40-50 ha. Os estratos de 20-30 ha e 30-40 ha son os que presentan unha peor relación entre produción de leite e consumo de concentrado (350 g/L).

As diferenzas no prezo do leite e mais no do concentrado non están ligadas á dimensión da SAU nin ao volume de leite producido ou de concentrado adquirido. De facto, as explotacións dos estratos de 20-30 ha e 30-40 ha reciben un prezo polo leite superior ás de máis de 40 ha.

O prezo do concentrado diminúe co tamaño da explotación, coa excepción do estrato de 40-50 ha, que só é menor que o do estrato de menos de 20 ha (Táboa 14 e Gráfico 15).

O máis salientable é que as explotacións de maior superficie son as que teñen menor marxe neta e beneficio. Isto débese a que o seu produto bruto é máis baixo, os seus custos variables semellantes aos das explotacións máis pequenas e os seus custos fixos son os máis altos. A lixeira vantaxe de ter un custo de oportunidade máis baixo non lles permite unha redución significativa dos custos totais (Táboa 15 e Gráfico 16).

O feito de que as explotacións de maior superficie e menor carga gandeira sexan as que menor marxe neta conseguen indica que o seu manexo é deficiente. As explotacións de 40-50 ha son as que producen cos menores custos totais, mais tamén as que reciben un prezo máis baixo polo leite.

As explotacións máis intensivas (30-40 ha) foron as que mellores resultados obtiveron en 2009. Non só conseguiron un prezo polo leite e un ingresos totais máis altos, senon tamén uns custos variables e totais moi baixos.

Iso non significa que nun período de descenso do prezo do leite, os sistemas intensivos resistan mellor, senón que son as explotacións ben xestionadas as que mellor pasaron a situación e que o nivel de intensificación ten que se adaptar á utilización óptima dos recursos dispoñibles nunhas condicións concretas.

Táboa 14. Índices técnicos por SAU (ha) en 2009

| SAU (ha)  | <20     | 20 – 30 | 30 – 40 | 40 – 50 | ≥50     |
|---|---------|---------|---------|---------|---------|
| Número de explotacións                          | 37      | 52      | 44      | 23      | 15      |
| <b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>                  |         |         |         |         |         |
| SAU media (ha)                                  | 15,3    | 23,7    | 34,5    | 43,5    | 64,1    |
| Nº medio de vacas                               | 33,2    | 41,7    | 67,4    | 76,6    | 90,7    |
| Produción comercializada (L)                    | 253.085 | 353.667 | 584.524 | 668.056 | 772.804 |
| Produción/SAU (L/ha)                            | 16.681  | 14.988  | 16.993  | 15.387  | 12.097  |
| <b>MANEXO DO GANDO</b>                          |         |         |         |         |         |
| Vacas/ha  | 2,20    | 1,80    | 1,90    | 1,80    | 1,40    |
| UGM/ha  | 2,94    | 2,44    | 2,65    | 2,35    | 2,05    |
| Partos/vaca/ano                                 | 0,86    | 0,85    | 0,84    | 0,79    | 0,85    |
| <b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>                  |         |         |         |         |         |
| Fertilizantes (€/ha)                            | 172     | 170     | 180     | 150     | 164     |
| N (kg/ha)                                       | 71      | 68      | 98      | 71      | 67      |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> (kg/ha)           | 33      | 29      | 31      | 35      | 31      |
| K <sub>2</sub> O (kg/ha)                        | 29      | 22      | 21      | 19      | 21      |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b> |         |         |         |         |         |
| Rendemento (L/vaca)                             | 7.673   | 8.536   | 8.715   | 8.730   | 8.546   |
| Concentrado (kg/vaca)                           | 2.632   | 2.959   | 3.026   | 3.003   | 2.838   |
| Concentrado/leite (g/L)                         | 340     | 350     | 350     | 340     | 330     |
| <b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)</b>         |         |         |         |         |         |
| Compra de concentrado                           | 8,73    | 9,69    | 8,78    | 8,70    | 8,97    |
| Compra de forraxes                              | 0,98    | 0,40    | 0,63    | 1,83    | 0,44    |
| Produción de forraxes propias                   | 3,18    | 2,98    | 3,08    | 2,83    | 3,95    |
| <b>CALIDADE DO LEITE</b>                        |         |         |         |         |         |
| % graxa   | 3,87    | 3,88    | 3,77    | 3,71    | 3,86    |
| % proteína                                      | 3,16    | 3,19    | 3,19    | 3,17    | 3,20    |
| Bacterioloxía (000)                             | 25      | 25      | 22      | 24      | 24      |
| Células somáticas (000)                         | 225     | 235     | 212     | 251     | 231     |
| <b>PREZOS</b>                                   |         |         |         |         |         |
| Leite (€/100 L)                                 | 30,96   | 31,14   | 31,57   | 30,89   | 31,03   |
| Concentrado (€/t)                               | 288     | 284     | 281     | 286     | 279     |
| Relación prezos leite/concentrado               | 1,07    | 1,09    | 1,12    | 1,08    | 1,11    |

Táboa 15. Índices económicos por SAU (ha) en 2009

| SAU (ha)                                | <20   | 20 – 30 | 30 – 40 | 40 – 50 | ≥50   |
|---|-------|---------|---------|---------|-------|
| Número de explotacións                  | 37    | 52      | 44      | 23      | 15    |
| <b>INGRESOS (€/100 L)</b>               |       |         |         |         |       |
| Venda de leite                          | 30,96 | 31,14   | 31,57   | 30,89   | 31,03 |
| Venda de animais                        | 2,25  | 2,31    | 1,74    | 2,44    | 2,22  |
| Variación do inventario                 | 1,18  | 1,58    | 1,53    | 1,66    | 0,50  |
| Total outros ingresos                   | 6,11  | 5,44    | 7,17    | 5,19    | 5,35  |
| Produto bruto                           | 40,50 | 40,47   | 42,01   | 40,19   | 39,10 |
| <b>CUSTOS VARIABLES (€/100 L)</b>       |       |         |         |         |       |
| Compra de gando                         | 0,73  | 0,75    | 0,83    | 0,41    | 0,86  |
| Compra alimentos vacas                  | 9,70  | 10,09   | 9,42    | 10,53   | 9,41  |
| Compra alimentos recría                 | 1,72  | 1,89    | 1,89    | 1,98    | 1,50  |
| Produción propia, forraxes              | 3,18  | 2,98    | 3,08    | 2,83    | 3,95  |
| Sanidade e reprodución                  | 2,70  | 2,58    | 2,89    | 2,69    | 2,35  |
| Enerxía e maquinaria                    | 3,31  | 3,13    | 2,75    | 2,60    | 3,27  |
| Total Custos Variables                  | 21,34 | 21,42   | 20,86   | 21,04   | 21,33 |
| <b>CUSTOS FIXOS (€/100 L)</b>           |       |         |         |         |       |
| Amortizacións técnicas                  | 2,66  | 3,06    | 3,27    | 2,67    | 3,07  |
| Man de obra retribuída                  | 0,17  | 0,69    | 1,12    | 1,91    | 2,81  |
| Outros custos fixos                     | 5,44  | 4,87    | 5,12    | 4,73    | 4,32  |
| Total Custos Fixos                      | 8,28  | 8,63    | 9,51    | 9,31    | 10,19 |
| Custo de produción                      | 29,62 | 30,04   | 30,37   | 30,35   | 31,53 |
| <b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)</b> |       |         |         |         |       |
| Xuros dos capitais propios              | 1,27  | 1,34    | 1,41    | 1,04    | 1,53  |
| Renda das terras propias                | 1,01  | 1,21    | 0,90    | 1,43    | 1,56  |
| Custo do traballo familiar              | 5,69  | 4,75    | 2,87    | 2,69    | 2,33  |
| Total Custo de Oportunidade             | 7,97  | 7,30    | 5,19    | 5,16    | 5,42  |
| Custos Totais                           | 37,59 | 37,34   | 35,56   | 35,51   | 36,95 |
| <b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)</b>  |       |         |         |         |       |
| Marxe neta                              | 10,88 | 10,42   | 11,64   | 9,84    | 7,57  |
| Beneficio                               | 2,91  | 3,12    | 6,45    | 4,67    | 2,15  |

Gráfico 15. SAU, vacas, rendimento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función da SAU en 2009





Gráfico 16. Custos variables, fixos, marxe neta e prezo do leite en función da SAU en 2009



### 6.3. Resultados por volume de leite comercializado

A maior volume de produción de leite, maior é a superficie agraria útil, así como o número de vacas, a produción por hectárea, a carga gandeira, o rendemento leiteiro por vaca, o consumo de concentrado e a relación entre este e a produción de leite. Existe, polo tanto, unha clara relación entre o volume de produción e a intensificación do sistema produtivo, como xa se observou en análises de anos anteriores (Táboa 16 e Gráfico 17).

Os ingresos pola venda do leite aumentan co volume de produción, non así o produto bruto. Os custos variables, salvo para o estrato inferior, diminúen ao aumentar o volume de produción grazas á produción propia de forraxes.

Non existe relación entre os diferentes custos fixos e o volume de produción comercializada, a excepción da man de obra retribuída que aumenta co tamaño. Os custos fixos máis baixos son os do estrato de 400.000-600.000 L, salvo na man de obra retribuída. Todos os custos de oportunidade, así como os custos totais, diminúen ao aumentar o volume de produción (Táboa 17 e Gráfico 18).

O máis destacable é que os custos totais diminúen ao aumentar o volume de produción grazas aos custos de oportunidade, e aínda que as explotacións do estrato de 400.000 -600.000 L alcanzan a marxe neta máis alta, son as do estrato superior as que teñen maior beneficio. Isto indica que as explotacións grandes aproveitan as vantaxes do seu maior tamaño e que melloraron o manexo respecto aos anos anteriores. Con todo, a teor dos resultados das pequenas, aínda lles queda marxe para seguir reducindo custos.




Táboa 16. Índices técnicos por volume de produción comercializada (000 L) en 2009

| Produción (000 L)                               | < 200   | 200-400 | 400-600 | 600-800 | ≥800      |
|---|---------|---------|---------|---------|-----------|
| Número de explotacións                          | 27      | 69      | 31      | 21      | 23        |
| <b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>                  |         |         |         |         |           |
| SAU (ha)  | 19,0    | 27,6    | 31,8    | 39,9    | 45,1      |
| Nº de vacas                                     | 24,7    | 41,3    | 55,7    | 76,6    | 114,3     |
| Produción comercializada (L)                    | 152.588 | 306.286 | 485.305 | 718.397 | 1.088.994 |
| Produción/SAU (L/ha)                            | 8.112   | 11.204  | 15.284  | 18.049  | 24.158    |
| <b>MANEXO DO GANDO</b>                          |         |         |         |         |           |
| Vacas/ha  | 1,30    | 1,50    | 1,80    | 1,90    | 2,50      |
| UGM/ha  | 1,86    | 2,34    | 2,64    | 2,88    | 3,62      |
| Partos/vaca/ano                                 | 0,79    | 0,83    | 0,92    | 0,89    | 0,85      |
| <b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>                  |         |         |         |         |           |
| Fertilizantes (€/ha)                            | 122     | 152     | 191     | 249     | 217       |
| N (kg/ha)                                       | 53      | 55      | 97      | 121     | 130       |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> (kg/ha)           | 28      | 24      | 35      | 50      | 38        |
| K <sub>2</sub> O (kg/ha)                        | 25      | 19      | 28      | 27      | 28        |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b> |         |         |         |         |           |
| Rendemento (L/vaca)                             | 6.246   | 7.498   | 8.720   | 9.388   | 9.532     |
| Concentrado (kg/vaca)                           | 2.005   | 2.563   | 3.315   | 3.639   | 3.733     |
| Concentrado/leite (g/L)                         | 320     | 340     | 380     | 390     | 390       |
| <b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)</b>         |         |         |         |         |           |
| Compra de concentrado                           | 8,69    | 9,17    | 9,32    | 9,77    | 8,22      |
| Compra de forraxes                              | 0,28    | 0,54    | 0,49    | 0,99    | 1,25      |
| Produción de forraxes propias                   | 4,18    | 3,63    | 3,13    | 2,95    | 2,70      |
| <b>CALIDADE DO LEITE</b>                        |         |         |         |         |           |
| % graxa   | 3,91    | 3,85    | 3,80    | 3,77    | 3,74      |
| % proteína                                      | 3,14    | 3,19    | 3,16    | 3,22    | 3,22      |
| Bacterioloxía (000)                             | 32      | 25      | 21      | 19      | 22        |
| Células somáticas (000)                         | 249     | 235     | 218     | 200     | 232       |
| <b>PREZOS</b>                                   |         |         |         |         |           |
| Leite (€/100 L)                                 | 29,73   | 30,37   | 31,42   | 31,45   | 31,84     |
| Concentrado (€/t)                               | 286     | 282     | 285     | 289     | 282       |
| Relación prezos leite/Concentrado               | 1,03    | 1,07    | 1,10    | 1,08    | 1,12      |


Táboa 17. Índices económicos por volume de produción comercializada (000 L) en 2009

| Produción (000 L)                       | < 200 | 200-400 | 400-600 | 600-800 | ≥800  |
|---|-------|---------|---------|---------|-------|
| Número de explotacións                  | 27    | 69      | 31      | 21      | 23    |
| <b>INGRESOS (€/100 L)</b>               |       |         |         |         |       |
| Venda de leite                          | 29,73 | 30,37   | 31,42   | 31,45   | 31,84 |
| Venda de animais                        | 3,83  | 2,44    | 2,05    | 2,06    | 1,69  |
| Variación do inventario                 | 1,23  | 1,47    | 1,10    | 1,18    | 1,62  |
| Total outros ingresos                   | 6,95  | 6,08    | 6,12    | 6,54    | 5,40  |
| Produto bruto                           | 41,74 | 40,35   | 40,69   | 41,23   | 40,55 |
| <b>CUSTOS VARIABLES (€/100 L)</b>       |       |         |         |         |       |
| Compra de gando                         | 0,91  | 0,80    | 0,38    | 0,59    | 0,91  |
| Compra alimentos vacas                  | 8,97  | 9,71    | 9,81    | 10,76   | 9,47  |
| Compra alimentos recría                 | 1,35  | 1,69    | 2,03    | 1,72    | 1,98  |
| Produción propia, forraxes              | 4,18  | 3,63    | 3,13    | 2,95    | 2,70  |
| Sanidade e reprodución                  | 2,52  | 2,60    | 2,71    | 2,68    | 2,76  |
| Enerxía e maquinaria                    | 3,30  | 3,14    | 3,46    | 2,57    | 2,65  |
| Total Custos Variables                  | 21,23 | 21,57   | 21,52   | 21,27   | 20,47 |
| <b>CUSTOS FIXOS (€/100 L)</b>           |       |         |         |         |       |
| Amortizacións técnicas                  | 3,48  | 3,46    | 2,37    | 2,86    | 3,03  |
| Outros custos fixos                     | 6,37  | 5,20    | 4,46    | 5,27    | 4,49  |
| Man de obra retribuída                  | 0,51  | 0,66    | 1,00    | 1,42    | 2,09  |
| Total Custos Fixos                      | 10,36 | 9,31    | 7,83    | 9,55    | 9,61  |
| Custo de produción                      | 31,58 | 30,89   | 29,35   | 30,82   | 30,08 |
| <b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)</b> |       |         |         |         |       |
| Xuros dos capitais propios              | 2,51  | 1,78    | 1,13    | 1,11    | 0,99  |
| Renda das terras propias                | 2,01  | 1,57    | 1,27    | 0,73    | 0,70  |
| Custo do traballo familiar              | 7,86  | 4,70    | 3,46    | 2,51    | 1,65  |
| Total Custo de Oportunidade             | 12,38 | 8,05    | 5,86    | 4,35    | 3,35  |
| Custos Totais                           | 43,96 | 38,94   | 35,21   | 35,17   | 33,43 |
| <b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)</b>  |       |         |         |         |       |
| Marxe neta                              | 10,16 | 9,46    | 11,35   | 10,42   | 10,46 |
| Beneficio                               | -2,22 | 1,42    | 5,48    | 6,07    | 7,12  |

**Gráfico 17.** SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do volume de leite comercializado en 2009



**Gráfico 18.** Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do volume de leite comercializado en 2009





## 6.4. Resultados en función da carga gandeira

O número de UGM/ha tomouse como referencia da carga gandeira, tal como se contempla na normativa reguladora dos sistemas agrarios sustentables.

A carga gandeira media das explotacións galegas de vacún de leite vén aumentando desde 2006 (Táboa 6). En 2009, un 33,3% das explotacións analizadas está por debaixo das 2 UGM/ha e un 32,2% pasa das 3 UGM/ha.

A carga gandeira, tanto en UGM/ha como en vacas/ha, está relacionada directamente coa produción de leite por hectárea e total e co número de vacas por explotación, e inversamente coa SAU, salvo no estrato de 2-2,5 UGM/ha (Táboa 18 e Gráfico 19).

Nos resultados a carga gandeira só está relacionada directamente co beneficio, e inversamente cos custos de oportunidade e cos totais. No resto das variables non existe unha relación clara polo comportamento do estrato de 2,5-3 UGM/ha, que ten un prezo do leite e uns ingresos totais superiores aos do estrato de 3-3,5 UGM/ha, mais cuns custos de produción e totais máis altos (Táboa 19 e Gráfico 20).

As explotacións de 2,5 e 3,5 UGM/ha gastan en fertilizantes químicos máis que as que teñen unha carga inferior, o que evidencia un manexo deficiente.

As explotacións con máis de 3,5 UGM/ha, as máis intensivas, son as que reciben un prezo polo leite máis alto, teñen un produto bruto maior e, ao mesmo tempo, presentan custos variables, de produción, de oportunidade e totais máis baixos e, en consecuencia, as que conseguen unha marxe neta e un beneficio máis elevados.




Táboa 18. Índices técnicos por carga gandeira (UGM/ha) en 2009

| UGM/ha  | < 2     | 2,0 – 2,5 | 2,5 – 3,0 | 3,0 – 3,5 | ≥ 3,5   |
|---|---------|-----------|-----------|-----------|---------|
| Número de explotacións                          | 57      | 34        | 25        | 25        | 30      |
| <b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>                  |         |           |           |           |         |
| SAU (ha)  | 34,3    | 28,8      | 33,0      | 29,5      | 26,0    |
| Nº de vacas                                     | 39,2    | 46,6      | 65,4      | 69,6      | 76,3    |
| Produción comercializada (L)                    | 282.538 | 378.615   | 562.499   | 633.398   | 718.540 |
| Produción/SAU (L/ha)                            | 8.304   | 13.220    | 17.096    | 21.561    | 27.614  |
| <b>MANEXO DO GANDO</b>                          |         |           |           |           |         |
| Vacas/ha  | 1,10    | 1,60      | 2,00      | 2,40      | 2,90    |
| UGM/ha  | 1,56    | 2,27      | 2,71      | 3,23      | 4,09    |
| Partos/vaca/ano                                 | 0,81    | 0,88      | 0,83      | 0,87      | 0,87    |
| <b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>                  |         |           |           |           |         |
| Fertilizantes (€/ha)                            | 88      | 191       | 233       | 217       | 215     |
| N (kg/ha)                                       | 33      | 77        | 97        | 98        | 130     |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> (kg/ha)           | 17      | 40        | 42        | 30        | 41      |
| K <sub>2</sub> O (kg/ha)                        | 13      | 30        | 24        | 20        | 40      |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b> |         |           |           |           |         |
| Rendemento (L/vaca)                             | 7.276   | 8.178     | 8.627     | 9.133     | 9.419   |
| Concentrado (kg/vaca)                           | 2.125   | 3.096     | 3.199     | 3.414     | 3.477   |
| Concentrado/Leite (g/L)                         | 290     | 380       | 370       | 370       | 370     |
| <b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)</b>         |         |           |           |           |         |
| Compra de concentrado                           | 8,35    | 9,05      | 10,91     | 10,56     | 7,04    |
| Compra de forraxes                              | 0,81    | 0,36      | 0,39      | 1,39      | 0,97    |
| Produción de forraxes propias                   | 3,58    | 3,42      | 3,47      | 3,50      | 2,20    |
| <b>CALIDADE DO LEITE</b>                        |         |           |           |           |         |
| % graxa   | 3,84    | 3,86      | 3,85      | 3,78      | 3,76    |
| % proteína                                      | 3,18    | 3,17      | 3,18      | 3,18      | 3,21    |
| Bacterioloxía (000)                             | 29      | 21        | 25        | 19        | 21      |
| Células somáticas (000)                         | 249     | 224       | 208       | 209       | 233     |
| <b>PREZOS</b>                                   |         |           |           |           |         |
| Leite (€/100 L)                                 | 30,28   | 30,83     | 31,29     | 30,74     | 32,36   |
| Concentrado (€/t)                               | 286     | 280       | 281       | 282       | 289     |
| Relación prezos leite/Concentrado               | 1,05    | 1,10      | 1,11      | 1,09      | 1,11    |


Táboa 19. Índices económicos por carga gandeira (UGM/ha) en 2009

| UGM/ha                                  | < 2   | 2,0 – 2,5 | 2,5 – 3,0 | 3,0 – 3,5 | ≥ 3,5 |
|---|-------|-----------|-----------|-----------|-------|
| Número de explotacións                  | 57    | 34        | 25        | 25        | 30    |
| <b>INGRESOS (€/100 L)</b>               |       |           |           |           |       |
| Venda de leite                          | 30,28 | 30,83     | 31,29     | 30,74     | 32,36 |
| Venda de animais                        | 2,98  | 1,93      | 1,98      | 2,11      | 1,74  |
| Variación do inventario                 | 0,94  | 1,18      | 1,29      | 1,43      | 1,85  |
| Total outros ingresos                   | 5,91  | 6,26      | 6,33      | 4,94      | 6,50  |
| Produto bruto                           | 40,11 | 40,21     | 40,89     | 39,21     | 42,45 |
| <b>GASTOS VARIABLES (€/100 L)</b>       |       |           |           |           |       |
| Compra de gando                         | 0,60  | 0,81      | 0,63      | 0,18      | 1,23  |
| Compra alimentos vacas                  | 9,16  | 9,41      | 11,30     | 11,95     | 8,01  |
| Compra alimentos recría                 | 1,67  | 1,54      | 1,80      | 1,51      | 2,38  |
| Produción propia, forraxes              | 3,58  | 3,42      | 3,47      | 3,50      | 2,20  |
| Sanidade e reprodución                  | 2,50  | 2,83      | 2,62      | 2,72      | 2,73  |
| Enerxía e maquinaria                    | 3,33  | 3,02      | 2,86      | 2,81      | 2,78  |
| Total Gastos Variables                  | 20,84 | 21,03     | 22,68     | 22,67     | 19,32 |
| <b>GASTOS FIXOS (€/100 L)</b>           |       |           |           |           |       |
| Amortizacións técnicas                  | 3,22  | 3,04      | 2,97      | 2,98      | 2,87  |
| Man de obra retribuída                  | 1,76  | 0,79      | 1,00      | 0,88      | 1,79  |
| Outros Custos fixos                     | 4,91  | 4,94      | 5,02      | 4,64      | 5,03  |
| Total Custos Fixos                      | 9,89  | 8,77      | 8,99      | 8,50      | 9,69  |
| Custo de produción                      | 30,73 | 29,80     | 31,67     | 31,17     | 29,01 |
| <b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)</b> |       |           |           |           |       |
| Xuros dos capitais propios              | 1,99  | 1,35      | 1,26      | 1,26      | 0,90  |
| Renda das terras propias                | 2,19  | 1,57      | 1,15      | 0,63      | 0,44  |
| Custo do traballo familiar              | 5,10  | 4,12      | 2,77      | 2,65      | 2,51  |
| Total Custo de Oportunidade             | 9,28  | 7,05      | 5,18      | 4,54      | 3,84  |
| Custos Totais                           | 40,01 | 36,85     | 36,85     | 35,71     | 32,85 |
| <b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)</b>  |       |           |           |           |       |
| Marxe neta                              | 9,38  | 10,41     | 9,22      | 8,04      | 13,44 |
| Beneficio                               | 0,10  | 3,36      | 4,04      | 3,50      | 9,60  |

**Gráfico 19.** Custo de fertilizantes (€/ha), rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función da carga gandeira (UGM/ha) en 2009



**Gráfico 20.** Custos variables, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da carga gandeira (UGM/ha) en 2009



## 6.5. Resultados en función do rendemento leiteiro

O rendemento leiteiro, medido pola produción de leite por vaca e ano, é un índice de intensificación produtiva. Os resultados técnicos de 2009 mostran que a maior rendemento por vaca, maior é o número de vacas, o volume de produción total e por hectárea, o consumo de concentrado por vaca e a relación entre concentrado e produción de leite (Táboa 20 e Gráfico 21).

| Superficie forraxeira (ha)                            | 35      | 48       | 41     | 188    | 353        | 73       |
| Superficie forraxeira arrendada (%)                   | 28      | 53       | 40     | 52     | 52         | 51       |
| Prados (% superficie forraxeira)                      | 58      | 3        | 32     | 46     | 45         | 52       |
| Labradío sobre superficie forraxeira (%)              | 42      | 97       | 68     | 40     | 42         | 33       |
| Carga gandeira (vacas/ha)                             | 2,3     | 4,5      | 3,3    | 1,5    | 1,4        | 1,6      |
| Produtividade da terra (kg ECM por ha)                | 18.048  | 40.681   | 28.826 | 12.693 | 10.059     | 13.030   |
| <b>MAN DE OBRA</b>                                    |         |          |        |        |            |          |
| Traballo (horas/vaca)                                 | 76      | 51       | 64     | 63     | 80         | 65       |
| Produtividade do traballo (kg ECM/ hora)              | 110     | 209      | 157    | 183    | 174        | 148      |
| <b>CAPITAL</b>  |         |          |        |        |            |          |
| Capital total (sen terra nin cota) (€/vaca)           | 4.123   | 3.994    | 4.061  | 5.464  | 4.080      | 6.591    |
| Maquinaria (€/vaca)                                   | 1.375   | 528      | 972    | 1.197  | 956        | 1.349    |
| Construcións (€/vaca)                                 | 1.015   | 1.591    | 1.289  | 2.499  | 1.607      | 3.268    |
| Gando (€/vaca)  | 1.733   | 1.875    | 1.801  | 1.218  | 1.122      | 1.283    |
| Produtividade do capital (kg ECM por 1000€)           | 1.923   | 2.405    | 2.152  | 1.886  | 2.496      | 1.454    |
| <b>MANEXO DO RABAÑO</b>                               |         |          |        |        |            |          |
| Ocupación da corte (%)                                | 121     | 104      | 113    | 92,2   | 93         | 90       |
| Idade ao primeiro parto (meses)                       | 26      | 27       | 26,3   | 26,0   | 25,6       | 26,7     |
| Intervalo entre partos (días)                         | 420     | 427      | 425    | 401    | 392        | 397      |
| Taxa de eliminación de vacas (%)                      | 14      | 30       | 23,9   | 28,5   | 25,6       | 30,3     |
| Mortalidade dos xatos (%)                             | 5,0     | 10,2     | 8,6    | 10,9   | 8,4        | 12,5     |
| <b>ALIMENTACIÓN</b>                                   |         |          |        |        |            |          |
| Consumo de concentrado (kg por vaca e día)            | 6,9     | 12,9     | 9,8    | 6,3    | 5,6        | 6,1      |
| Produtividade/Concentrado (kg leite/ kg conc.)        | 3,1     | 2,0      | 2,6    | 4,1    | 4,4        | 4,1      |
| Leite producido sen concentrado (kg /vaca ano)        | 2.148   | -232     | 1.015  | 3.328  | 3.118      | 3.191    |
| <b>PREZOS</b>   |         |          |        |        |            |          |
| Prezo do leite (€/100 kg ECM)                         | 33      | 32       | 32     | 28     | 24         | 31       |
| Prezo da vaca de abasto (€/ kg de peso vivo)          | 0,92    | 0,89     | 0,91   | 0,93   | 0,83       | 0,96     |
| Prezo dos xatos (€/xato)                              | 115     | 83       | 100    | 118    | 115        | 136      |
| Prezo de arrendamento da terra (€/ha)                 | 347     | 354      | 310    | 263    | 219        | 340      |
| Salarios (€/hora)                                     | 7,9     | 14,0     | 12,0   | 12,8   | 9,9        | 13,8     |
| Prezo do concentrado (€/t)                            | 279     | 222      | 252    | 257    | 217        | 309      |

## 7.2. Comparación entre países

A comparación dos nosos resultados coas medias dos diferentes países é máis ilustrativa que a realizada coa media xeral da EDF. Para tal efecto, seleccionáronse aqueles que participaron na análise cun número de explotacións non inferior ao de Galicia (Alemaña, Bélxica, Reino Unido, Holanda, Irlanda, Francia, Luxemburgo, Suecia e Polonia).

Os ingresos procedentes da venda do leite das explotacións galegas (32,8 €/100 kg ECM) só foron inferiores aos de Luxemburgo e os totais (37,3 €/100 kg ECM) quedaron unicamente por debaixo dos de Francia e Luxemburgo (Táboa 32).

Malia o seu pequeno tamaño, as explotacións galegas conseguen uns resultados relativamente aceptables. A renda familiar (8,1 €/100 kg ECM) só é inferior á de Luxemburgo e a retribución do traballo supera á de Bélxica, Holanda e Polonia; mais o beneficio sen primas desacopladas (-10,2 €/100 kg ECM) só é maior que o de Bélxica.

As explotacións irlandesas e británicas son as que mellores resultados teñen en termos de beneficio así como no limiar de rendibilidade II, que indica o prezo do leite a partir do cal se obtén beneficio. Isto débese á eficiencia dos seus sistemas produtivos de baixo custo baseados no pastoreo.

En termos de retribución de traballo, os mellores resultados son os do Reino Unido e Suecia. O limiar de rendibilidade I de Galicia é similar ao de Alemaña e mellor que o de Holanda e Francia; mais o limiar de rendibilidade II é o peor de todos.

Os custos directos das explotacións galegas son superiores aos de todos os países de referencia debido, fundamentalmente, ás compras de alimento para o gando e ao gasto en sanidade animal e reprodución.

Os custos totais das nosas explotacións son inferiores aos de Luxemburgo polas diferenzas nos custos estruturais, nas amortizacións e nos custos de oportunidade. Holanda tamén ten uns custos totais moi altos polo elevado prezo da terra e da cota, así como polo custo das instalacións.

As explotacións galegas da EDF son moito máis pequenas que as dos países seleccionados en superficie total e forraxeira, así como en porcentaxe de superficie arrendada (28%), mais teñen maior número de vacas e produción comercializada de leite que as de Bélxica, Francia e Luxemburgo (Táboa 33).

A carga gandeira das nosas explotacións (2,3 vacas/ha) e a produción de leite por unidade de superficie (18.048 kg/ha) son moi superiores ás de calquera dos países de referencia. Esa alta densidade gandeira explica o elevado consumo de concentrado, que só é inferior ás de Alemaña e Suecia, aínda que cun rendemento por vaca tamén menor e que só supera ao de Irlanda, Reino Unido e Polonia.

O resultado é unha produtividade do concentrado (3,1 kg leite/kg concentrado) que só é menor que a de Suecia (2,7 kg leite/kg concentrado), aínda que a cantidade de leite producido sen concentrado é inferior (2.148 vs. 2.481 kg/vaca).

Da menor dimensión das nosas explotacións resulta unha baixa produtividade da man de obra, tanto en horas/vaca como en kg leite/hora, que só supera a de Polonia.

Unha vantaxe das explotacións galegas é que o investimento por vaca, sen contar terra e cota (4.123 €/vaca), só é superior ao do Reino Unido (2.747 €/vaca) e ao de Irlanda (3.395 €/vaca), países cuxo modelo de produción apenas require investimentos en instalacións.

**Táboa 32.** Ingresos e custos da actividade leiteira nalgúns países europeos en 2009<sup>5</sup>

|  | GZ          | BE          | DE          | FR          | IE          | LU          | NE          | PL          | SE          | UK          |
|--|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| <b>INGRESOS (€/100 kg ECM)</b>                           |             |             |             |             |             |             |             |             |             |             |
| Venda de leite   | 32,8        | 26,6        | 28,9        | 31,2        | 23,4        | 37,3        | 31,9        | 22,1        | 27,2        | 25,7        |
| Venda de gando e variación de inventario                 | 3,5         | 3,7         | 3,8         | 4,6         | 6,3         | 6,0         | 3,3         | 3,4         | 4,1         | 3,5         |
| Subsidios, axudas directas e balance do IVE              | 0,2         | -0,1        | 0,7         | 1,4         | 0,8         | 3,6         | -0,3        | 0,2         | 1,9         | 0,2         |
| Outros ingresos  | 0,7         | 0,3         | 0,9         | 2,1         | 0,1         | 0,8         | 1,8         | 0,6         | 1,3         | 0,3         |
| <b>Ingresos Totais</b>                                   | <b>37,3</b> | <b>30,5</b> | <b>34,2</b> | <b>39,4</b> | <b>30,5</b> | <b>47,8</b> | <b>36,7</b> | <b>26,2</b> | <b>34,5</b> | <b>29,7</b> |
| <b>CUSTOS (€/100 kg ECM)</b>                             |             |             |             |             |             |             |             |             |             |             |
| Compra de animais  | 0,4         | 0,8         | 0,9         | 0,7         | 0,2         | 0,8         | 0,4         | 0,4         | 0,1         | 0,6         |
| Sanidade animal e coidado dos pezuños                    | 1,5         | 1,2         | 1,3         | 1,4         | 1,2         | 1,7         | 1,1         | 0,8         | 0,7         | 1,1         |
| Inseminación e transferencia de embrións                 | 0,9         | 0,6         | 0,5         | 0,8         | 0,6         | 1,0         | 0,5         | 0,4         | 1,1         | 0,4         |
| Outros custos directos da produción animal               | 1,5         | 1,9         | 1,7         | 2,5         | 2,3         | 2,5         | 1,9         | 1,4         | 1,7         | 1,9         |
| Compra de alimentos                                      | 12,5        | 7,7         | 9,3         | 8,4         | 5,0         | 6,7         | 8,2         | 4,7         | 8,9         | 7,0         |
| Sementes   | 0,3         | 0,5         | 0,5         | 0,7         | 0,1         | 0,9         | 0,0         | 0,4         | 0,4         | 0,3         |
| Fertilizantes  | 0,8         | 0,9         | 1,0         | 1,0         | 2,2         | 1,5         | 0,9         | 1,8         | 1,1         | 1,2         |
| Pesticidas   | 0,1         | 0,4         | 0,3         | 0,4         | 0,1         | 0,7         | 0,0         | 0,5         | 0,1         | 0,1         |
| Outros custos directos da produción vexetal              | 0,9         | 1,1         | 0,4         | 1,0         | 0,3         | 0,4         | 0,1         | 0,7         | 0,8         | 0,3         |
| <b>Custos Directos</b>                                   | <b>18,9</b> | <b>15,0</b> | <b>15,8</b> | <b>16,9</b> | <b>11,9</b> | <b>16,2</b> | <b>13,2</b> | <b>11,0</b> | <b>15,0</b> | <b>12,9</b> |
| Custos salariais   | 1,7         | 0,7         | 2,7         | 2,4         | 2,2         | 0,5         | 1,4         | 1,1         | 5,4         | 3,8         |
| Custo de oportunidade do traballo familiar               | 13,4        | 7,5         | 4,9         | 8,3         | 4,3         | 10,8        | 5,9         | 4,2         | 4,5         | 2,1         |
| Contratos/aluguer de maquinaria                          | 1,0         | 2,6         | 2,1         | 1,7         | 1,5         | 2,3         | 3,4         | 0,8         | 2,4         | 1,9         |
| Conservación de maquinaria e vehículos                   | 0,8         | 1,1         | 1,3         | 1,3         | 1,4         | 2,3         | 1,8         | 0,6         | 1,1         | 0,9         |
| Fuel, lubricantes  | 1,4         | 0,5         | 1,3         | 0,9         | 0,0         | 1,2         | 0,8         | 1,5         | 1,0         | 0,7         |
| Enerxía  | 0,4         | 1,3         | 0,8         | 0,6         | 0,7         | 1,2         | 1,2         | 0,7         | 0,8         | 0,6         |
| Amortización de maquinaria e vehículos                   | 2,1         | 2,8         | 2,1         | 2,9         | 1,6         | 3,3         | 3,0         | 1,9         | 1,6         | 1,6         |
| Custo de oportunidade da maquinaria e vehículos          | 1,0         | 0,7         | 0,4         | 0,6         | 0,7         | 1,0         | 0,6         | 1,1         | 0,5         | 0,3         |
| <b>Custo do traballo</b>                                 | <b>21,7</b> | <b>17,1</b> | <b>15,8</b> | <b>18,7</b> | <b>12,3</b> | <b>22,6</b> | <b>18,1</b> | <b>12,1</b> | <b>17,2</b> | <b>11,9</b> |
| Arrendamento da cota                                     | 0           | 0,0         | 0,3         | 0,0         | 0,0         | 0,3         | 1,3         | 0,0         | 0,0         | 0,0         |
| Supertaxa  | 0           | 0           | 0           | 0,1         | 0,0         | 0,3         | 0,3         | 0,0         | 0,0         | 0,0         |
| Custo de oportunidade da cota                            | 0,8         | 2,2         | 1,1         | 0,0         | 0,5         | 3,7         | 3,1         | 0,2         | 0,0         | 1,4         |
| <b>Custo da cota</b>                                     | <b>0,8</b>  | <b>2,2</b>  | <b>1,3</b>  | <b>0,1</b>  | <b>0,5</b>  | <b>4,4</b>  | <b>4,7</b>  | <b>0,2</b>  | <b>0,0</b>  | <b>1,4</b>  |
| Mantemento das instalacións                              | 0,7         | 0,0         | 0,3         | 0,5         | 0,7         | 0,4         | 0,5         | 0,3         | 0,7         | 0,7         |
| Arrendamentos  | 0           | 0,1         | 0           | 0,1         | 0,0         | 0,3         | 0,0         | 0,0         | 0,2         | 0,1         |
| Amortizacións das instalacións                           | 1,6         | 2,3         | 1,5         | 2,7         | 1,0         | 4,1         | 2,5         | 1,6         | 1,7         | 0,6         |
| Custo de oportunidade das instalacións                   | 0,9         | 1,3         | 1,0         | 1,3         | 1,5         | 2,1         | 1,4         | 3,1         | 1,3         | 0,9         |
| <b>Custo das instalacións</b>                            | <b>0,9</b>  | <b>3,7</b>  | <b>2,8</b>  | <b>4,7</b>  | <b>3,2</b>  | <b>6,9</b>  | <b>4,3</b>  | <b>5,1</b>  | <b>3,9</b>  | <b>2,2</b>  |
| Arrendamento das terras                                  | 0,4         | 1,1         | 1,0         | 1,8         | 1,5         | 1,3         | 1,0         | 0,5         | 1,2         | 1,0         |
| Custo de oportunidade da terra                           | 1,3         | 0,5         | 1,1         | 0,1         | 2,4         | 2,3         | 2,6         | 1,5         | 0,6         | 1,4         |
| Melloras en parcelas, drenaxes, accesos                  | 0,1         | 0,0         | 0           | 0,2         | 0,0         | 0,0         | 0,2         | 0,0         | 0,1         | 0,0         |
| Contribucións e cargas                                   | 0,1         | 0,0         | 0,1         | 0,1         | 0,0         | 0,1         | 0,5         | 0,3         | 0,0         | 0,1         |
| <b>Custos da terra</b>                                   | <b>1,9</b>  | <b>1,7</b>  | <b>2,2</b>  | <b>2,2</b>  | <b>4,0</b>  | <b>3,7</b>  | <b>4,3</b>  | <b>2,3</b>  | <b>1,8</b>  | <b>2,6</b>  |
| <b>Outros Custos</b>                                     | <b>1,1</b>  | <b>1,8</b>  | <b>1,6</b>  | <b>2,4</b>  | <b>1,7</b>  | <b>1,9</b>  | <b>1,9</b>  | <b>0,9</b>  | <b>1,6</b>  | <b>1,2</b>  |
| <b>Custos Totais</b>                                     | <b>47,5</b> | <b>41,5</b> | <b>39,6</b> | <b>44,9</b> | <b>33,5</b> | <b>55,7</b> | <b>46,5</b> | <b>31,6</b> | <b>39,6</b> | <b>32,2</b> |
| <b>Custos efectivos</b>                                  | <b>25,5</b> | <b>23</b>   | <b>26,8</b> | <b>27,6</b> | <b>20,4</b> | <b>27,3</b> | <b>27,0</b> | <b>16,8</b> | <b>28,2</b> | <b>23,0</b> |
| Amortizacións  | 3,7         | 5,3         | 3,6         | 5,7         | 2,6         | 7,4         | 5,5         | 3,6         | 3,3         | 2,1         |
| <b>Custos de oportunidade</b>                            | <b>18,3</b> | <b>13,1</b> | <b>9,2</b>  | <b>11,7</b> | <b>10,5</b> | <b>21,0</b> | <b>14,1</b> | <b>11,2</b> | <b>8,1</b>  | <b>7,0</b>  |
| <b>RESULTADOS (€/100 kg ECM)</b>                         |             |             |             |             |             |             |             |             |             |             |
| Renda Familiar   | 8,1         | 2,2         | 3,8         | 6,2         | 7,5         | 13,1        | 4,3         | 5,8         | 3,0         | 4,5         |
| Beneficio empresarial (sen primas desacopladas)          | -10,2       | -10,9       | -5,4        | -5,5        | -3,0        | -7,9        | -9,8        | -5,4        | -5,1        | -2,5        |
| Beneficio empresarial (con primas desacopladas)          | -6,1        | -7,1        | -2,7        | -2,0        | 1,2         | -0,4        | -6,2        | -2,7        | -0,5        | 0,7         |
| Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)          | 24,7        | 24,4        | 24,8        | 25,0        | 15,9        | 23,6        | 26,0        | 16,3        | 24,2        | 21,2        |
| Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)         | 42,3        | 35,3        | 33,0        | 36,7        | 25,9        | 40,8        | 37,0        | 27,3        | 32,3        | 26,7        |
| <b>Retribución do traballo (sen primas desacopladas)</b> | <b>4,3</b>  | <b>-4,9</b> | <b>5,4</b>  | <b>7,1</b>  | <b>6,7</b>  | <b>6,8</b>  | <b>-6,2</b> | <b>0,6</b>  | <b>8,8</b>  | <b>8,8</b>  |

<sup>5</sup> GZ=Galicia, DE=Alemaña, BE=Bélxica, UK=Reino Unido, NE=Holanda, IE=Irlanda, FR=Francia, LU=Luxemburgo, SE=Suecia, PL=Polonia.



Táboa 33. Razóns das diferenzas de custos e ingresos en 2009

|  | GZ     | BE     | DE     | FR     | IE     | LU    | NE     | PL    | SE    | UK     |
|--|--------|--------|--------|--------|--------|-------|--------|-------|-------|--------|
| Número de explotacións                         | 11     | 20     | 37     | 26     | 11     | 12    | 46     | 34    | 11    | 18     |
| <b>DATOS XERAIS</b>                            |        |        |        |        |        |       |        |       |       |        |
| Superficie total (ha)                          | 35     | 56     | 426    | 144    | 90     | 124   | 90     | 542   | 314   | 260    |
| Superficie arrendada (%)                       | 28     | 67     | 63     | 94     | 38     | 43    | 32     | 40    | 44    | 46     |
| Traballadores familiares                       | 2,1    | 1,5    | 1,7    | 2,2    | 1,4    | 1,9   | 1,4    | 2,1   | 1,4   | 1,4    |
| Traballadores asalariados                      | 0,7    | 0,1    | 7,9    | 0,7    | 0,7    | 0,1   | 0,4    | 14,7  | 3,4   | 3,9    |
| Número de vacas                                | 90     | 73     | 307    | 83     | 164    | 68    | 140    | 166   | 174   | 309    |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE</b>                     |        |        |        |        |        |       |        |       |       |        |
| Produción leite (t ECM/ano)                    | 744    | 637    | 2.690  | 671    | 899    | 540   | 1.127  | 1.275 | 1.767 | 2.259  |
| Leite para industria (t ECM/ano)               | 741    | 625    | 2.635  | 648    | 866    | 531   | 1.123  | 1.221 | 1.715 | 2.235  |
| Contido de graxa (%)                           | 3,70   | 4,13   | 4,05   | 4,03   | 4,00   | 4,16  | 4,35   | 4,18  | 4,14  | 4,24   |
| Contido de proteína (%)                        | 3,20   | 3,40   | 3,41   | 3,32   | 3,45   | 3,40  | 3,48   | 3,34  | 3,40  | 3,38   |
| Rendemento leiteiro (kg ECM/vaca)              | 7.220  | 8.844  | 8.622  | 8.264  | 5.480  | 7.978 | 8.153  | 6.947 | 9.984 | 7.071  |
| <b>USO DO SOLO</b>                             |        |        |        |        |        |       |        |       |       |        |
| Superficie forraxeira (ha)                     | 35     | 42     | 278    | 78     | 88     | 75    | 82     | 196   | 250   | 212    |
| Superficie forraxeira arrendada (%)            | 28     | 67     | 64     | 95     | 37     | 44    | 35     | 41    | 46    | 43     |
| Prados (% superficie forraxeira)               | 58     | 58     | 55     | 58     | 98     | 72    | 82     | 41    | 70    | 81     |
| Labradío (% superficie forraxeira)             | 42     | 43     | 45     | 42     | 2      | 28    | 18     | 59    | 30    | 18     |
| Carga gandeira (vacas/ha)                      | 2,3    | 1,9    | 1,3    | 1,2    | 1,9    | 0,9   | 1,8    | 1,0   | 0,8   | 1,5    |
| Produtividade da terra (kg ECM/ha)             | 18.048 | 16.746 | 11.143 | 10.135 | 10.249 | 7.334 | 14.348 | 6.756 | 8.201 | 11.055 |
| <b>MAN DE OBRA</b>                             |        |        |        |        |        |       |        |       |       |        |
| Traballo (horas/vaca)                          | 76     | 49     | 44     | 58     | 28     | 60    | 32     | 111   | 52    | 32     |
| Produtividade traballo (kg / hora)             | 110    | 192    | 213    | 153    | 205    | 156   | 262    | 87    | 201   | 236    |
| <b>CAPITAL</b>                                 |        |        |        |        |        |       |        |       |       |        |
| Total (sen terra nin cota) (€/vaca)            | 4.123  | 5.001  | 4.660  | 5.573  | 3.395  | 8.302 | 5.067  | 5.517 | 6.104 | 2.747  |
| Maquinaria (€/vaca)                            | 1.375  | 1.171  | 949    | 1.093  | 781    | 1.899 | 1.243  | 1.539 | 1.016 | 470    |
| Construcións (€/vaca)                          | 1.015  | 1.975  | 2.152  | 1.805  | 1.112  | 4.232 | 2.779  | 2.433 | 2.342 | 818    |
| Gando (€/vaca)                                 | 1.733  | 1.497  | 1.107  | 1.283  | 1.452  | 1.442 | 1.045  | 1.055 | 1.365 | 1.076  |
| Outros (€/vaca)                                | 0      | 291    | 328    | 1.224  | 51     | 565   | 0      | 463   | 1.144 | 321    |
| Produtividade do capital (kg/1000€)            | 1.923  | 2.124  | 2.295  | 1.652  | 1.702  | 1.030 | 1.698  | 1.527 | 1.796 | 2.921  |
| <b>MANEXO DO RABAÑO</b>                        |        |        |        |        |        |       |        |       |       |        |
| Ocupación da corte (%)                         | 121    | 89     | 98     | 87     | 84     | 89    | 92     | 87    | 99    | 94     |
| Idade ao primeiro parto (meses)                | 26     | 22,7   | 27     | 28,4   | 23,9   | 29,1  | 25,2   | 25,6  | 25,7  | 25,3   |
| Intervalo entre partos (días)                  | 420    | 379    | 405    | 419    | 398    | 428   | 411    | 398   | 391   | 383    |
| Taxa de eliminación das vacas (%)              | 14     | 31,7   | 28,2   | 32,3   | 16,7   | 29,7  | 31,2   | 22,6  | 42,5  | 19,2   |
| Mortalidade dos xatos (%)                      | 0,9    | 12,3   | 12,1   | 13,3   | 11,7   | 11,1  | 14,5   | 5,3   | 9,2   | 8,4    |
| <b>ALIMENTACIÓN</b>                            |        |        |        |        |        |       |        |       |       |        |
| Consumo concentrado (kg/vaca día)              | 6,9    | 6,5    | 7,9    | 5,0    | 2,5    | 5,5   | 5,4    | 5,3   | 10,3  | 6,0    |
| Produtividade/Concentrado (kg leite/ kg conc.) | 3,1    | 3,9    | 3,2    | 5,2    | 7,7    | 4,2   | 4,3    | 4,4   | 2,7   | 3,8    |
| Leite producido sen concentrado (kg /vaca ano) | 2.148  | 4.178  | 2.892  | 4.615  | 3.649  | 3.959 | 4.182  | 3.070 | 2.481 | 2.660  |
| <b>PREZOS</b>                                  |        |        |        |        |        |       |        |       |       |        |
| Leite (€/100 kg ECM)                           | 33     | 27     | 29     | 31     | 23     | 37    | 32     | 22    | 27    | 26     |
| Vaca de abasto (€/ kg peso vivo)               | 0,92   | 1,02   | 0,91   | 1,35   | 1,07   | 1,01  | 0,84   | 0,70  | 0,89  | 0,81   |
| Xatos (€/xato)                                 | 115    | 148    | 93     | 117    | 108    | 92    | 106    | 135   | 165   | 78     |
| Arrendamento da terra (€/ha)                   | 347    | 272    | 195    | 176    | 385    | 208   | 430    | 98    | 117   | 249    |
| Salarios (€/hora)                              | 7,9    | 11,7   | 12,6   | 13,6   | 16,0   | 15,7  | 19,1   | 3,3   | 18,6  | 13,6   |
| Venda da cota (€/kg, 4% de graxa)              | 0,2    | 0,56   | 0,31   |        | 0,12   | 1,00  | 0,80   | 0,04  |       | 0,33   |
| Concentrado (€/t)                              | 279    | 266    | 221    | 318    | 217    | 249   | 242    | 189   | 283   | 221    |

### 7.2.1. Evolución dos resultados (2008-2009)

Seleccionadas as explotacións que estiveron presentes nas análises da EDF de 2008 e 2009 en países cun número de participantes non inferior ao de Galicia, pode observarse que o seu comportamento, fronte á baixada do prezo do leite e o aumento dos insumos, non foi o mesmo en todas partes.

A diminución dos ingresos, tanto os derivados da venda de leite como os totais, é xeral, igual que a dos beneficios. Só as explotacións francesas logran manter o nivel da súa renda familiar e mesmo mellorar a retribución do traballo en 2009 respecto a 2008. As belgas, alemáns e holandesas son as que rexistran maiores retrocesos nos resultados.

O aspecto positivo é que as explotacións galegas logran mellorar os limiares de rendibilidade, igual que as francesas e as británicas. Isto débese a que reduciron os seus custos directos e totais. As holandesas, que controlaron os custos directos, viron incrementados os totais pola elevación dos relativos ao traballo; e só en Alemaña aumentaron os custos directos debido ao incremento nos gastos da alimentación animal, malia ter mantido o prezo do concentrado.

As explotacións francesas, as que mellor se comportaron, reduciron todos os seus custos, salvo os de oportunidade, e adiaron os seus investimentos, o que lles permitiu non elevar as amortizacións.

Con todo, en termos relativos, as explotacións galegas foron as que reduciron o seus custos directos en maior proporción (13,7%). O descenso dos seus custos totais (6,5%) só foi porcentualmente inferior ao do Reino Unido (7,3%).

Os resultados son reflexo das estratexias seguidas, aínda que a heteroxeneidade da composición dos concentrados impide extraer conclusións definitivas. A variación da carga gandeira é mínima porque as lixeiras oscilacións que rexistra a superficie forraxeira van acompañadas de flutuacións do número de vacas.

As explotacións francesas, sen variar a carga nin o consumo de concentrado, aumentan a produción por hectárea incrementando o rendemento leiteiro das vacas. Pola contra, as belgas aumentan a produción grazas a un lixeiro aumento da carga, así como do rendemento leiteiro e do consumo de concentrado.

En Alemaña, un lixeiro aumento do consumo de concentrado máis barato, que apenas aumenta o rendemento, e a ampliación da superficie en maior proporción que a do rabaño provocan unha lixeira redución da carga e da produción por hectárea.

Holandesas e británicas manteñen a carga gandeira e reducen o consumo de concentrado, o rendemento leiteiro e a produción por hectárea; mais, mentres as holandesas aumentan lixeiramente a superficie e o rabaño, as británicas redúcenos.

Pola súa parte, as galegas reducen o consumo de concentrado e o rendemento leiteiro, e incrementan algo a carga gandeira e a produción por hectárea.

As estratexias seguidas plásmanse en resultados distintos: en Galicia, Reino Unido e Francia aumenta a produtividade do concentrado e a produción do leite baseada nas forraxes. En Bélxica diminúe o valor de ambas as dúas, en Holanda aumenta a primeira e apenas varía a segunda e en Alemaña mantense a primeira e redúcese a segunda.

O máis salientable é que a redución do consumo de concentrado nas nosas explotacións (10,8%), o aumento da súa produtividade (7,7%) e o da produción de leite baseada nas forraxes (31%) respecto do ano anterior, son os máis altos do conxunto de países seleccionados. Non obstante, os valores absolutos indican que aínda existe unha grande marxe de mellora.

En resumo, malia a redución dos ingresos, os produtores franceses, galegos e británicos melloraron os limiares de rendibilidade das súas explotacións, e os primeiros mesmo conseguiron manter o nivel da renda familiar e a retribución do traballo.

No polo oposto están belgas, alemáns e holandeses que empeoraron os resultados e perderon competitividade, como indica a elevación dos seus limiares de rendibilidade, por manter unha estratexia expansiva nunha fase de baixada continua do prezo do leite e suba dos insumos.

Desde o punto de vista galego, cómpre destacar que a racionalización do manexo e a redución dos custos permitiu amortecer os efectos derivados da baixada do prezo do leite e mesmo recuperar parte da competitividade perdida, curiosamente nos anos de bonanza.



Táboa 34. Ingresos e custos da actividade leiteira nalgúns países europeos en 2008-2009

|   | GZ   |      | BE   |       | DE   |      | FR   |      | NE   |      | UK   |      |
|---|------|------|------|-------|------|------|------|------|------|------|------|------|
|   | 2008 | 2009 | 2008 | 2009  | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| <b>INGRESOS (€/100 kg ECM)</b>                    |      |      |      |       |      |      |      |      |      |      |      |      |
| Venda de leite                                    | 40,9 | 31,0 | 33,9 | 25,3  | 37,9 | 29,0 | 34,2 | 31,9 | 37,2 | 32,3 | 31,0 | 26,1 |
| Venda de gando e variación de inventario          | 3,8  | 3,3  | 3,6  | 3,3   | 3,9  | 3,9  | 4,9  | 4,5  | 4,2  | 3,2  | 2,6  | 3,4  |
| Subsidios e axudas directas e balance do IVE      | 0,2  | 0,3  | 0,4  | -0,2  | 1,0  | 0,8  | 1,0  | 1,1  | 0,2  | -0,2 | 0,0  | 0,1  |
| Outros ingresos                                   | 0,4  | 0,3  | 0,3  | 0,3   | 0,8  | 0,9  | 2,3  | 2,2  | 2,1  | 1,8  | 0,6  | 0,3  |
| Ingresos Totais                                   | 45,2 | 34,8 | 38,2 | 28,7  | 43,6 | 34,6 | 42,4 | 39,7 | 43,8 | 37,1 | 34,2 | 29,8 |
| <b>CUSTOS (€/100 kg ECM)</b>                      |      |      |      |       |      |      |      |      |      |      |      |      |
| Compra de animais                                 | 0,4  | 0,2  | 0,6  | 0,5   | 0,8  | 0,9  | 0,7  | 0,9  | 1,3  | 0,4  | 0,4  | 0,4  |
| Sanidade animal e coidado dos pezuños             | 1,7  | 1,7  | 1,3  | 1,2   | 1,3  | 1,3  | 1,3  | 1,3  | 1,1  | 1,1  | 1,1  | 1,1  |
| Inseminación e transferencia de embrións          | 0,9  | 0,8  | 0,6  | 0,6   | 0,4  | 0,5  | 0,9  | 0,9  | 0,5  | 0,5  | 0,5  | 0,4  |
| Outros custos directos da produción animal        | 1,7  | 1,8  | 1,9  | 1,7   | 1,9  | 1,8  | 2,4  | 2,3  | 1,9  | 1,9  | 2,3  | 2,0  |
| Compra de alimentos                               | 14,8 | 12,6 | 7,5  | 7,7   | 9,1  | 9,7  | 8,0  | 7,9  | 7,8  | 8,2  | 7,6  | 7,0  |
| Sementes  | 0,4  | 0,3  | 0,5  | 0,4   | 0,5  | 0,5  | 0,8  | 0,8  | 0,0  | 0,0  | 0,3  | 0,3  |
| Fertilizantes                                     | 1,1  | 0,7  | 0,9  | 0,9   | 0,9  | 0,9  | 1,0  | 1,0  | 0,7  | 1,0  | 1,3  | 1,3  |
| Pesticidas  | 0,1  | 0,1  | 0,3  | 0,3   | 0,3  | 0,3  | 0,4  | 0,3  | 0,0  | 0,0  | 0,2  | 0,1  |
| Outros custos directos da produción vexetal       | 0,1  | 0,1  | 1,1  | 0,9   | 0,4  | 0,4  | 1,0  | 0,8  | 0,1  | 0,1  | 0,5  | 0,3  |
| Custos Directos                                   | 21,2 | 18,3 | 14,6 | 14,4  | 15,6 | 16,3 | 16,5 | 16,3 | 13,3 | 13,2 | 14,2 | 12,9 |
| Custos salariais                                  | 1,4  | 1,6  | 0,2  | 0,9   | 3,1  | 3,1  | 3,5  | 3,2  | 1,4  | 1,5  | 4,6  | 3,6  |
| Custo de oportunidade do traballo familiar        | 11,1 | 11,4 | 7,5  | 7,1   | 5,0  | 4,6  | 7,5  | 7,5  | 5,6  | 5,6  | 2,9  | 2,4  |
| Contratos/aluguer de maquinaria                   | 1,2  | 0,9  | 2,5  | 2,5   | 1,9  | 1,9  | 1,8  | 1,6  | 3,2  | 3,4  | 2,0  | 1,9  |
| Conservación de maquinaria e vehículos            | 0,7  | 1,0  | 1,3  | 1,1   | 1,2  | 1,3  | 1,4  | 1,2  | 1,5  | 1,8  | 1,0  | 1,0  |
| Fuel, lubricantes                                 | 1,4  | 1,5  | 0,6  | 0,4   | 1,3  | 1,3  | 1,0  | 1,0  | 0,6  | 0,8  | 1,0  | 0,8  |
| Enerxía   | 0,5  | 0,3  | 1,3  | 1,2   | 0,8  | 0,9  | 0,7  | 0,6  | 0,9  | 1,1  | 0,6  | 0,7  |
| Amortización de maquinaria e vehículos            | 1,6  | 1,7  | 2,5  | 2,6   | 1,8  | 2,0  | 3,2  | 3,0  | 2,9  | 3,0  | 1,5  | 1,6  |
| Custo de oportunidade de maquinaria e vehículos   | 0,9  | 0,9  | 0,6  | 0,7   | 0,4  | 0,4  | 0,8  | 0,7  | 0,6  | 0,6  | 0,3  | 0,4  |
| Custo do traballo                                 | 18,7 | 19,4 | 16,3 | 16,6  | 15,5 | 15,6 | 19,9 | 18,7 | 16,7 | 17,8 | 14,0 | 12,4 |
| Arrendamento de cota                              | 0,0  | 0,0  | 0,0  | 0,0   | 0,4  | 0,2  | 0,0  | 0,0  | 1,4  | 1,4  | 0,0  | 0,0  |
| Supertaxa   | 0,0  | 0,0  | 0,0  | 0,0   | 0,1  | 0,0  | 0,0  | 0,0  | 0,0  | 0,3  | 0,0  | 0,0  |
| Custo de oportunidade da cota                     | 0,7  | 0,7  | 2,5  | 2,1   | 1,2  | 1,1  | 0,0  | 0,0  | 3,4  | 3,1  | 0,4  | 1,4  |
| Custo da cota                                     | 0,7  | 0,7  | 2,6  | 2,1   | 1,7  | 1,3  | 0,0  | 0,0  | 4,8  | 4,8  | 0,4  | 1,4  |
| Mantemento das instalacións                       | 1,2  | 0,7  | 0,0  | 0,0   | 0,5  | 0,3  | 0,5  | 0,6  | 0,4  | 0,4  | 1,1  | 0,7  |
| Arrendamentos                                     | 0,0  | 0,0  | 0,1  | 0,1   | 0,0  | 0,0  | 0,4  | 0,1  | 0,0  | 0,0  | 0,1  | 0,1  |
| Amortizacións das instalacións                    | 1,0  | 1,3  | 2,1  | 2,5   | 1,5  | 1,5  | 3,0  | 3,1  | 2,2  | 2,4  | 0,7  | 0,6  |
| Custo de oportunidade das instalacións            | 0,7  | 0,6  | 1,2  | 1,4   | 0,9  | 0,9  | 1,3  | 1,6  | 1,6  | 1,3  | 0,8  | 1,0  |
| Custo das instalacións                            | 2,8  | 2,5  | 3,4  | 3,9   | 2,9  | 2,7  | 5,1  | 5,3  | 4,2  | 4,2  | 2,6  | 2,4  |
| Arrendamento de terras                            | 0,5  | 0,5  | 1,1  | 1,0   | 1,1  | 1,1  | 1,8  | 1,8  | 1,0  | 1,0  | 1,0  | 0,7  |
| Custo de oportunidade da terra                    | 1,1  | 1,0  | 0,7  | 0,5   | 1,0  | 1,2  | 0,2  | 0,2  | 2,5  | 2,6  | 1,7  | 1,5  |
| Melloras en parcelas, drenaxes, accesos           | 0,0  | 0,1  | 0,0  | 0,0   | 0,1  | 0,0  | 0,1  | 0,1  | 0,2  | 0,2  | 0,1  | 0,0  |
| Contribucións e cargas                            | 0,2  | 0,2  | 0,0  | 0,0   | 0,1  | 0,1  | 0,2  | 0,1  | 0,6  | 0,5  | 0,1  | 0,1  |
| Custos da terra                                   | 1,9  | 1,8  | 1,8  | 1,5   | 2,4  | 2,4  | 2,2  | 2,2  | 4,3  | 4,4  | 2,8  | 2,4  |
| Outros Custos                                     | 1,2  | 0,6  | 1,6  | 1,7   | 1,8  | 1,7  | 3,2  | 2,0  | 1,7  | 1,9  | 1,3  | 1,3  |
| Custos Totais                                     | 46,5 | 43,5 | 40,3 | 40,1  | 40,0 | 39,9 | 46,9 | 44,4 | 45,0 | 46,3 | 35,4 | 32,8 |
| Custos efectivos                                  | 28,4 | 24,7 | 22,2 | 22,3  | 27,2 | 27,4 | 29,5 | 26,9 | 25,7 | 27,2 | 25,9 | 22,9 |
| Amortizacións                                     | 2,7  | 3,0  | 4,7  | 5,3   | 3,4  | 3,5  | 6,2  | 6,1  | 5,0  | 5,4  | 2,1  | 2,2  |
| Custos de oportunidade                            | 15,4 | 15,7 | 13,4 | 12,6  | 9,4  | 9,0  | 11,3 | 11,5 | 14,3 | 13,7 | 7,3  | 7,7  |
| <b>RESULTADOS (€/100 kg ECM)</b>                  |      |      |      |       |      |      |      |      |      |      |      |      |
| Renda Familiar                                    | 14,1 | 7,1  | 11,4 | 1,1   | 13,0 | 3,7  | 6,7  | 6,7  | 13,0 | 4,5  | 6,2  | 4,7  |
| Beneficio empresarial (sen primas desacopladas)   | -1,3 | -8,7 | -2,1 | -11,4 | 3,7  | -5,3 | -4,5 | -4,7 | -1,3 | -9,2 | -1,1 | -3,0 |
| Beneficio empresarial (con primas desacopladas)   | 2,9  | -4,6 | 1,6  | -7,9  | 7,6  | -2,3 | -0,8 | -1,0 | 2,4  | -5,6 | 2,2  | 0,2  |
| Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)   | 26,7 | 23,9 | 22,6 | 24,1  | 24,3 | 25,1 | 27,4 | 25,1 | 22,8 | 26,1 | 24,8 | 21,4 |
| Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)  | 41,4 | 38,9 | 33,4 | 34,7  | 32,5 | 33,0 | 38,7 | 36,6 | 33,7 | 36,7 | 31,8 | 27,7 |
| Retribución do traballo (sen primas desacopladas) | 12,8 | 4,9  | 11,6 | -5,8  | 24,1 | 5,5  | 8,1  | 8,4  | 15,5 | -5,9 | 15,7 | 7,4  |

Táboa 35. Razóns das diferenzas de custos e ingresos en 2008-2009

|  | GZ     |        | BE     |        | DE     |        | FR     |        | NE     |        | UK     |        |
|--|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|
|  | 2008   | 2009   | 2008   | 2009   | 2008   | 2009   | 2008   | 2009   | 2008   | 2009   | 2008   | 2009   |
| <b>DATOS XERAIS</b>                                |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |
| Superficie total (ha)                              | 36     | 34     | 52     | 54     | 474    | 488    | 152    | 152    | 91     | 94     | 238    | 231    |
| Proporción de superficie arrendada (%)             | 30     | 30     | 60     | 63     | 64     | 60     | 88     | 89     | 29     | 31     | 46     | 43     |
| Man de obra familiar total (traballadores)         | 1,9    | 1,8    | 1,3    | 1,4    | 1,7    | 1,6    | 2,1    | 2,0    | 1,4    | 1,4    | 1,7    | 1,6    |
| Man de obra asalariada total (traballadores)       | 1,0    | 1,0    | 0,1    | 0,1    | 9,5    | 9,9    | 0,9    | 0,9    | 0,4    | 0,5    | 4,0    | 3,9    |
| Número de vacas                                    | 100    | 99     | 67     | 73     | 322    | 332    | 80     | 79     | 139    | 147    | 306    | 287    |
| Ingresos de leite s/ totais (%)                    | 91,7   | 89,6   | 80,9   | 77,7   | 81,7   | 80,3   | 64,9   | 62,4   | 90,2   | 88,7   | 79,6   | 78,1   |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE</b>                         |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |
| Cota total dispoñible (t ECM 4% graxa)             | 785    | 785    | 582    | 622    | 2.585  | 2.746  | 623    | 637    | 1.149  | 1.177  | 2.350  | 2.191  |
| Produción total de leite (t ECM/ano)               | 880    | 848    | 585    | 645    | 2.729  | 2.862  | 643    | 648    | 1.160  | 1.179  | 2.279  | 2.135  |
| Leite vendido ás industrias (t ECM/ano)            | 877    | 844    | 576    | 629    | 2.666  | 2.794  | 632    | 635    | 1.155  | 1.174  | 2.248  | 2.106  |
| Contido de graxa (%)                               | 3,77   | 3,69   | 4,16   | 4,13   | 4,06   | 4,04   | 4,08   | 4,04   | 4,34   | 4,34   | 4,19   | 4,23   |
| Contido de proteína (%)                            | 3,16   | 3,22   | 3,41   | 3,38   | 3,41   | 3,42   | 3,28   | 3,32   | 3,47   | 3,47   | 3,34   | 3,37   |
| Rendemento leiteiro (kg ECM/vaca)                  | 7.524  | 7.308  | 8.846  | 8.939  | 8.486  | 8.499  | 8.262  | 8.406  | 8.300  | 8.064  | 7.241  | 7.104  |
| <b>USO DO SOLO</b>                                 |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |
| Superficie forraxeira (ha)                         | 36     | 34     | 35     | 37     | 296    | 314    | 78     | 77     | 83     | 87     | 187    | 183    |
| Superficie forraxeira arrendada (%)                | 30     | 30     | 59     | 65     | 64     | 62     | 89     | 91     | 32     | 34     | 42     | 40     |
| Prados (% superficie forraxeira)                   | 61     | 62     | 54,9   | 57,9   | 55,0   | 54,4   | 58,6   | 57,9   | 84     | 83     | 81,9   | 81,5   |
| Labradío sobre superficie forraxeira (%)           | 39     | 38     | 45     | 42     | 45,0   | 45     | 45     | 43     | 16     | 17     | 18     | 17     |
| Carga gandeira (vacas/ha)                          | 2,3    | 2,5    | 2,0    | 2,1    | 1,4    | 1,3    | 1,2    | 1,2    | 1,7    | 1,7    | 1,6    | 1,6    |
| Produtividade da terra (kg ECM /ha)                | 18.991 | 19.430 | 17.447 | 18.423 | 11.624 | 10.745 | 10.090 | 10.561 | 14.288 | 14.059 | 12.040 | 11.520 |
| <b>MAN DE OBRA</b>                                 |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |
| Traballo (horas/vaca)                              | 70     | 68     | 51     | 48     | 47     | 45     | 57     | 57     | 32     | 31     | 34     | 34     |
| Produtividade do traballo (kg ECM/ hora)           | 120    | 119    | 188    | 198    | 200    | 205    | 160    | 157    | 271    | 268    | 222    | 219    |
| <b>CAPITAL</b>                                     |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |
| Capital total (sen terra nin cota) (€/vaca)        | 3.974  | 3.796  | 4.711  | 5.051  | 4.585  | 4.484  | 6.021  | 6.381  | 5.655  | 4.906  | 3.407  | 3.002  |
| Maquinaria (€/vaca)                                | 1.332  | 1.361  | 985    | 1.211  | 975    | 960    | 1.500  | 1.279  | 1.202  | 1.217  | 499    | 532    |
| Construcións (€/vaca)                              | 897    | 744    | 1.859  | 2.048  | 1.822  | 1.894  | 1.765  | 2.135  | 3.331  | 2.653  | 811    | 880    |
| Gando (€/vaca)                                     | 1.746  | 1.692  | 1.434  | 1.430  | 1.117  | 1.115  | 1.335  | 1.485  | 1.132  | 1.036  | 1.331  | 1.134  |
| Participación en cooperativas (€/vaca)             | 0      | 0      | 4      | 29     | 107    | 129    | 178    | 196    | 0      | 0      | 116    | 76     |
| Outros (€/vaca)                                    | 0      | 0      | 429    | 334    | 575    | 386    | 1.236  | 1.287  | 0      | 0      | 650    | 379    |
| Produtividade do capital (kg ECM/1000€)            | 2.213  | 2.060  | 2.308  | 2.221  | 2.391  | 2.331  | 1.681  | 1.452  | 1.538  | 1.721  | 2.529  | 2.791  |
| <b>MANEXO DO RABAÑO</b>                            |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |
| Idade ao primeiro parto (meses)                    | 26     | 26     | 23     | 26     | 27     | 27     | 28     | 28     | 25     | 25     | 26     | 26     |
| Intervalo entre partos (días)                      | 411    | 417    | 387    | 423    | 407    | 406    | 406    | 424    | 407    | 408    | 388    | 392    |
| Taxa de eliminación de vacas (%)                   | 17     | 16     | 26     | 31     | 28     | 29     | 31     | 36     | 22     | 31     | 20     | 18     |
| Mortalidade dos xatos (%)                          | 5,4    | 1,4    | 13,1   | 12,6   | 11,9   | 12,6   | 16,9   | 13,0   | 13,7   | 14,6   | 6,6    | 8,9    |
| <b>ALIMENTACIÓN</b>                                |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |
| Consumo de concentrado (kg/ vaca/ día)             | 8,3    | 7,4    | 6,0    | 6,6    | 7,6    | 8,0    | 5,1    | 5,1    | 5,8    | 5,4    | 6,5    | 6,2    |
| Produtividade/Concentrado (kg leite ECM/ kg conc.) | 2,6    | 2,8    | 4,5    | 3,8    | 3,1    | 3,1    | 5,4    | 5,5    | 4,1    | 4,2    | 3,6    | 3,8    |
| Leite producido sen concentrado (kg /vaca ano)     | 1.443  | 1.890  | 4.456  | 4.242  | 2.928  | 2.737  | 4.515  | 4.723  | 4.120  | 4.092  | 2.475  | 2.604  |
| <b>PREZOS</b>                                      |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |        |
| Leite (€/100kg ECM)                                | 41     | 31     | 34     | 25     | 38     | 29     | 34     | 32     | 37     | 32     | 31     | 26     |
| Vaca de abasto (€/ kg de peso vivo)                | 0,95   | 0,93   | 0,97   | 0,99   | 0,91   | 0,92   | 1,45   | 1,22   | 0,78   | 0,83   | 0,83   | 0,80   |
| Xatos (€/xato)                                     | 110    | 112    | 151    | 146    | 123    | 118    | 132    | 121    | 134    | 107    | 82     | 80     |
| Arrendamento da terra (€/ha)                       | 260    | 347    | 380    | 276    | 239    | 238    | 168    | 175    | 438    | 422    | 287    | 220    |
| Salarios (€/hora)                                  | 8,4    | 8,0    | 20,3   | 12,8   | 13,4   | 11,8   | 14,5   | 13,4   | 18,6   | 19,1   | 16,8   | 12,5   |
| Venda da cota (€/kg, 4% de graxa)                  | 0,2    | 0,2    | 0,6    | 0,5    | 0,3    | 0,3    |        |        | 0,9    | 0,8    | 0,1    | 0,3    |
| Concentrado (€/t)                                  | 293    | 261    | 267    | 264    | 235    | 233    | 273    | 316    | 231    | 241    | 255    | 224    |

### 7.2.2. Evolución dos custos de produción (2008-2009)

As explotacións de cada país, presentes nas análises de 2008 e 2009, dividíronse en dous grandes grupos en función da variación experimentada polos seus custos totais: o primeiro, formado por aquelas que os aumentaron dun ano para o outro, e o segundo, integrado polas que os reduciron. Como a diminución de custos é xeral, houbo que prescindir daqueles países onde o número de explotacións que os incrementaran era insignificante ou nulo.

#### ***Explotacións que incrementaron os custos totais***

As explotacións que incrementaron os custos rexistraron, en todos os países sen excepción, unha redución da renda familiar, dos beneficios e da retribución ao traballo. Só nas galegas se observa unha mellora do limiar de rendibilidade I e unha redución dos custos directos.

Advírtese en todas unha diminución do rendemento leiteiro por vaca, mesmo naquelas onde aumentou o consumo de concentrado, como nas belgas e alemás. Nestas últimas tamén diminuíu a produtividade do concentrado e a produción de leite baseada nas forraxes. As galegas son as únicas nas que diminuíu o número de vacas e a carga gandeira.

Nas galegas, francesas e holandesas, a redución do concentrado supuxo un incremento da produtividade deste; mais mentres nas nosas aumentou tamén a cantidade de leite producido con forraxes, nas galas mantívose e nas holandesas mesmo se reduciu pola brusca caída dos rendementos leiteiros. As galegas tamén son as únicas que se beneficiaron dunha baixada do prezo do concentrado.

#### ***Explotacións que reduciron os custos totais***

Entre as explotacións que reduciron os custos totais, só as francesas lograron aumentar a renda familiar e a retribución do traballo, reducir as perdas e mesmo ter beneficio coas primas desacopladas. Cómpre salientar que, a excepción das holandesas, todas as demais melloraron a súa competitividade, tal como indican os limiares de rendibilidade.

A redución dos custos é xeral, aínda que se rexistren algúns incrementos en partidas concretas, como o custo do traballo en Holanda, o das instalacións en Francia e Bélxica e da terra en Alemaña. Tamén descenden as amortizacións, agás en Bélxica e Holanda, onde non debía ser posible adiar os investimentos. O número de vacas só diminuíu nas explotacións francesas, e a superficie forraxeira e o rendemento leiteiro só descenderon nas galegas.

As francesas e as belgas foron as únicas que aumentaron o consumo de concentrado por vaca, o que provocou a redución da produtividade deste; mais só as belgas diminuíron a produción de leite baseada nas forraxes. Nas francesas, o incremento do rendemento leiteiro compensou o do consumo de concentrado.

En todo caso, o esforzo por diminuír os custos foi insuficiente para compensar a diminución do prezo do leite e dos ingresos totais, mais en todos os países os resultados das explotacións que reduciron custos foron mellores que os das que os aumentaron. A excepción é Alemaña, onde o beneficio sen primas desacopladas é idéntico en ambos os dous grupos en 2009, e con primas desacopladas mesmo é superior no das explotacións que incrementaron custos polo seu maior tamaño, pois case duplican o rabaño (422 vs. 234 vacas) e a cantidade de leite vendido ás industrias (3.535 vs. 1.997 t) e triplican a superficie forraxeira (439 vs. 179 ha), das que os reduciron.

Por outra parte, os menores custos de oportunidade e as amortizacións permitíronlle ao grupo alemán de incremento ter uns custos totais semellantes aos do grupo de redución. Os ingresos totais tamén son parecidos en ambos os dous casos.

Táboa 36. Ingresos e custos. Evolución 2008–2009

| Evolución dos custos                              | Galicia            |             |                  |             | Bélica             |             |                  |             | Alemaña            |             |                  |             |
|---|--------------------|-------------|------------------|-------------|--------------------|-------------|------------------|-------------|--------------------|-------------|------------------|-------------|
|   | Incremento<br>2008 | 2009        | Redución<br>2008 | 2009        | Incremento<br>2008 | 2009        | Redución<br>2008 | 2009        | Incremento<br>2008 | 2009        | Redución<br>2008 | 2009        |
| <b>INGRESOS (€/100 kg ECM)</b>                    |                    |             |                  |             |                    |             |                  |             |                    |             |                  |             |
| Venda de leite                                    | 40,4               | 30,8        | 41,5             | 31,3        | 36,6               | 26,7        | 31,9             | 24,2        | 38,0               | 29,1        | 37,8             | 28,9        |
| Venda de gando e variación de inventario          | 3,5                | 2,4         | 4,2              | 4,4         | 3,3                | 3,6         | 3,8              | 3,0         | 3,9                | 3,9         | 4,0              | 3,8         |
| Subsidios e axudas directas e balance do IVE      | 0,0                | 0,5         | 0,4              | 0,0         | 0,3                | -1,2        | 0,5              | 0,7         | 1,7                | 1,1         | 0,3              | 0,6         |
| Inseminación e transferencia de embrións          | 0,7         | 0,5         | 0,7         | 0,9         | 0,8         | 0,7         | 0,9         | 0,3         |
| Outros custos directos da produción animal        | 2,8         | 2,0         | 1,9         | 1,4         | 1,1         | 1,7         | 1,9         | 2,5         |
| Compra de alimentos                               | 17,4        | 10,0        | 10,3        | 8,3         | 13,1        | 11,4        | 6,3         | 8,9         |
| Sementes  | 0,0         | 0,5         | 1,3         | 0,7         | 0,1         | 0,5         | 2,1         | 0,4         |
| Fertilizantes                                     | 0,0         | 0,9         | 0,0         | 1,1         | 2,8         | 0,6         | 0,8         | 0,5         |
| Pesticidas  | 0,0         | 0,3         | 0,0         | 0,6         | 0,0         | 0,1         | 0,0         | 0,2         |
| Outros custos directos da produción vexetal       | 0,5         | 0,2         | 1,0         | 0,3         | 0,1         | 0,3         | 0,7         | 0,5         |
| <b>Custos Directos</b>                            | <b>22,5</b> | <b>17,0</b> | <b>16,3</b> | <b>14,9</b> | <b>19,4</b> | <b>17,4</b> | <b>13,1</b> | <b>16,2</b> |
| Custos salariais                                  | 3,2         | 2,0         | 4,7         | 4,7         | 0,0         | 3,3         | 0,1         | 1,7         |
| Custo de oportunidade do traballo familiar        | 4,7         | 6,0         | 3,3         | 2,4         | 32,1        | 11,7        | 13,3        | 7,1         |
| Contratos/aluguer de maquinaria                   | 3,8         | 2,3         | 3,0         | 3,5         | 1,2         | 1,1         | 3,1         | 2,3         |
| Conservación de maquinaria e vehículos            | 2,5         | 1,4         | 1,4         | 0,7         | 0,9         | 1,1         | 3,9         | 1,3         |
| Fuel, lubricantes                                 | 1,8         | 1,6         | 1,8         | 0,5         | 1,0         | 1,4         | 2,1         | 0,7         |
| Enerxía   | 1,0         | 0,9         | 2,1         | 1,1         | 1,1         | 0,5         | 0,4         | 0,5         |
| Amortización de maquinaria e vehículos            | 2,3         | 2,0         | 2,5         | 1,1         | 5,5         | 1,9         | 4,8         | 3,1         |
| Custo de oportunidade de maquinaria e vehículos   | 0,5         | 0,6         | 1,4         | 0,8         | 1,2         | 0,8         | 2,8         | 0,6         |
| <b>Custo do traballo</b>                          | <b>19,8</b> | <b>16,9</b> | <b>20,2</b> | <b>14,7</b> | <b>43,0</b> | <b>21,8</b> | <b>30,4</b> | <b>17,3</b> |
| Arrendamento de cota                              | 0,5         | 0,4         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         |
| Supertaxa   | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,3         |
| Custo de oportunidade da cota                     | 0,7         | 1,1         | 0,5         | 0,5         | 1,1         | 0,8         | 0,0         | 0,0         |
| <b>Custo da cota</b>                              | <b>1,2</b>  | <b>1,5</b>  | <b>0,5</b>  | <b>0,5</b>  | <b>1,1</b>  | <b>0,8</b>  | <b>0,0</b>  | <b>0,3</b>  |
| Mantemento das instalacións                       | 0,0         | 0,1         | 1,1         | 1,2         | 1,1         | 0,4         | 0,4         | 0,3         |
| Arrendamentos                                     | 0,0         | 0,0         | 0,2         | 0,6         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,3         |
| Amortizacións das instalacións                    | 1,7         | 2,3         | 2,9         | 2,4         | 2,2         | 1,7         | 7,3         | 3,4         |
| Custo de oportunidade das instalacións            | 1,1         | 1,3         | 3,2         | 2,0         | 1,9         | 1,2         | 2,2         | 2,2         |
| <b>Custo das instalacións</b>                     | <b>2,8</b>  | <b>3,7</b>  | <b>7,4</b>  | <b>6,1</b>  | <b>5,3</b>  | <b>3,3</b>  | <b>9,9</b>  | <b>6,2</b>  |
| Arrendamento de terras                            | 0,9         | 1,2         | 6,4         | 0,4         | 0,0         | 0,3         | 2,6         | 2,7         |
| Custo de oportunidade da terra                    | 0,0         | 1,0         | 3,6         | 2,9         | 2,5         | 1,5         | 0,0         | 0,0         |
| Melloras en parcelas, drenaxes, accesos           | 0,0         | 0,0         | 0,1         | 0,2         | 0,0         | 0,2         | 0,2         | 0,0         |
| Contribucións e cargas                            | 0,0         | 0,0         | 0,2         | 0,2         | 0,0         | 0,2         | 0,0         | 0,1         |
| <b>Custos da terra</b>                            | <b>0,9</b>  | <b>2,3</b>  | <b>10,2</b> | <b>3,7</b>  | <b>2,5</b>  | <b>2,2</b>  | <b>2,8</b>  | <b>2,8</b>  |
| <b>Outros Custos</b>                              | <b>5,8</b>  | <b>1,7</b>  | <b>1,5</b>  | <b>2,1</b>  | <b>2,2</b>  | <b>0,9</b>  | <b>6,1</b>  | <b>2,6</b>  |
| <b>Custos Totais</b>                              | <b>53,0</b> | <b>43,0</b> | <b>56,1</b> | <b>42,1</b> | <b>73,5</b> | <b>46,4</b> | <b>62,3</b> | <b>45,4</b> |
| <b>Custos efectivos</b>                           | <b>41,0</b> | <b>27,9</b> | <b>37,2</b> | <b>29,2</b> | <b>25,9</b> | <b>25,8</b> | <b>29,4</b> | <b>27,6</b> |
| Amortizacións                                     | 4,0         | 4,3         | 5,4         | 3,7         | 7,7         | 3,6         | 12,8        | 6,5         |
| <b>Custos de oportunidade</b>                     | <b>8,0</b>  | <b>10,7</b> | <b>13,5</b> | <b>9,3</b>  | <b>39,9</b> | <b>17,0</b> | <b>20,1</b> | <b>11,3</b> |
| <b>RESULTADOS (€/100 kg ECM)</b>                  |             |             |             |             |             |             |             |             |
| Renda familiar                                    | 0,0         | 2,1         | -1,5        | -4,1        | 16,6        | 6,9         | 9,8         | 8,1         |
| Beneficio empresarial (sen primas desacopladas)   | -7,9        | -8,6        | -15,0       | -13,5       | -23,3       | -10,1       | -10,3       | -3,2        |
| Beneficio empresarial (con primas desacopladas)   | -7,9        | -7,6        | -9,1        | -10,0       | -17,9       | -5,7        | -2,5        | 0,0         |
| Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)   | 42,1        | 27,3        | 36,2        | 31,1        | 29,3        | 24,4        | 30,9        | 23,2        |
| Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)  | 49,4        | 37,0        | 49,2        | 39,8        | 68,1        | 40,7        | 51,0        | 34,4        |
| Retribución do traballo (sen primas desacopladas) | -0,1        | 0,3         | -16,6       | -22,6       | 3,8         | 3,7         | 3,5         | 9,5         |

**Táboa 38.** Análise EDF: comparativa dos custos, ingresos e resultados entre explotacións ecolóxicas e convencionais (€/100 kg ECM). (Continuación)

|   | Holanda-1   |             | Holanda-2   |             | Holanda-3   |             | Suecia      |             | Reino Unido |             |
|---|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
|   | Eco         | Conv        | Eco         | Conv        | Eco         | Conv        | Eco         | Conv        | Eco         | Conv        |
| <b>INGRESOS</b>                                   |             |             |             |             |             |             |             |             |             |             |
| Venda de leite                                    | 39,7        | 30,0        | 44,1        | 30,9        | 38,2        | 31,2        | 36,9        | 27,3        | 31,1        | 25,0        |
| Venda de gando e variación de inventario          | 4,4         | 2,3         | 4,4         | 3,2         | 3,3         | 3,1         | 9,8         | 2,5         | 3,8         | 6,6         |
| Subsidios e axudas directas e balance do IVE      | -0,9        | -0,5        | -0,1        | -0,3        | -0,5        | -0,3        | 10,1        | 0,2         | 0,0         | 0,0         |
| Outros ingresos                                   | 2,6         | 1,6         | 9,9         | 1,2         | 0,1         | 2,0         | 4,6         | 0,0         | 0,1         | 0,3         |
| <b>Ingresos Totais</b>                            | <b>45,8</b> | <b>33,4</b> | <b>58,3</b> | <b>35,0</b> | <b>41,0</b> | <b>36,0</b> | <b>61,5</b> | <b>30,0</b> | <b>35,0</b> | <b>31,9</b> |
| <b>CUSTOS</b>                                     |             |             |             |             |             |             |             |             |             |             |
| Compra de animais                                 | 2,8         | 0,0         | 0,1         | 0,4         | 0,0         | 0,4         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,4         |
| Sanidade animal e coidado dos pezuños             | 1,2         | 0,9         | 1,0         | 1,3         | 1,4         | 1,2         | 0,3         | 0,6         | 1,1         | 0,9         |
| Inseminación e transferencia de embrións          | 0,1         | 0,4         | 0,3         | 0,5         | 0,4         | 0,5         | 1,5         | 1,2         | 1,0         | 0,2         |
| Outros custos directos da produción animal        | 1,3         | 1,1         | 2,3         | 1,8         | 4,9         | 1,6         | 2,8         | 1,1         | 2,7         | 1,8         |
| Compra de alimentos                               | 13,8        | 7,9         | 10,3        | 6,6         | 11,0        | 7,8         | 8,7         | 9,7         | 4,7         | 6,9         |
| Sementes  | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 1,5         | 0,2         | 0,8         | 0,2         |
| Fertilizantes                                     | 0,0         | 1,0         | 0,2         | 1,1         | 0,6         | 1,0         | 0,0         | 0,8         | 0,2         | 2,0         |
| Pesticidas  | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,1         | 0,0         | 0,0         |
| Outros custos directos da produción vexetal       | 0,1         | 0,1         | 0,4         | 0,2         | 0,0         | 0,1         | 1,4         | 0,5         | 0,8         | 0,3         |
| <b>Custos Directos</b>                            | <b>19,3</b> | <b>11,5</b> | <b>14,5</b> | <b>11,8</b> | <b>18,4</b> | <b>12,6</b> | <b>16,3</b> | <b>14,2</b> | <b>11,4</b> | <b>12,7</b> |
| Custos salariais                                  | 0,6         | 0,9         | 2,0         | 2,1         | 0,0         | 3,4         | 8,8         | 2,5         | 9,4         | 1,0         |
| Custo de oportunidade do traballo familiar        | 8,5         | 7,9         | 6,5         | 4,5         | 6,4         | 4,0         | 5,6         | 8,2         | 0,0         | 6,2         |
| Contratos/aluguer de maquinaria                   | 6,8         | 3,3         | 0,8         | 3,7         | 5,9         | 2,5         | 1,3         | 1,6         | 2,2         | 2,6         |
| Conservación de maquinaria e vehículos            | 1,8         | 2,4         | 6,1         | 1,7         | 3,5         | 1,7         | 2,2         | 0,7         | 2,1         | 1,5         |
| Fuel, lubricantes                                 | 1,1         | 0,7         | 1,9         | 0,8         | 0,7         | 1,2         | 3,5         | 0,7         | 2,3         | 1,0         |
| Enerxía   | 2,7         | 1,2         | 1,8         | 1,1         | 1,0         | 1,1         | 0,9         | 0,9         | 1,4         | 1,2         |
| Amortización de maquinaria e vehículos            | 4,1         | 2,7         | 6,1         | 2,9         | 3,3         | 3,3         | 3,6         | 1,2         | 4,4         | 1,4         |
| Custo de oportunidade de maquinaria e vehículos   | 0,8         | 0,6         | 1,2         | 0,6         | 0,6         | 0,7         | 1,3         | 0,4         | 0,7         | 0,6         |
| <b>Custo do traballo</b>                          | <b>26,4</b> | <b>19,6</b> | <b>26,3</b> | <b>17,3</b> | <b>21,5</b> | <b>17,8</b> | <b>27,1</b> | <b>16,3</b> | <b>22,4</b> | <b>15,5</b> |
| Arrendamento de cota                              | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 3,0         | 0,0         | 1,1         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         |
| Supertaxa   | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 1,4         | 0,0         | 0,3         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         |
| Custo de oportunidade da cota                     | 3,5         | 3,2         | 3,3         | 2,7         | 3,3         | 3,1         | 0,0         | 0,0         | 1,9         | 1,8         |
| <b>Custo da cota</b>                              | <b>3,5</b>  | <b>3,2</b>  | <b>3,3</b>  | <b>7,1</b>  | <b>3,3</b>  | <b>4,5</b>  | <b>0,0</b>  | <b>0,0</b>  | <b>1,9</b>  | <b>1,8</b>  |
| Mantemento das instalacións                       | 0,5         | 0,6         | 0,6         | 0,5         | 0,0         | 0,5         | 0,3         | 0,5         | 0,9         | 0,9         |
| Arrendamentos                                     | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         | 0,0         |
| Amortizacións das instalacións                    | 2,4         | 2,2         | 2,3         | 2,7         | 3,3         | 2,5         | 0,6         | 1,4         | 0,0         | 0,7         |
| Custo de oportunidade das instalacións            | 1,2         | 1,1         | 1,3         | 1,6         | 1,6         | 1,4         | 0,4         | 0,6         | 0,2         | 3,3         |
| <b>Custo das instalacións</b>                     | <b>4,1</b>  | <b>3,9</b>  | <b>4,3</b>  | <b>4,8</b>  | <b>4,9</b>  | <b>4,5</b>  | <b>1,3</b>  | <b>2,6</b>  | <b>1,1</b>  | <b>4,9</b>  |
| Arrendamento de terras                            | 3,5         | 0,6         | 1,0         | 0,7         | 3,3         | 0,7         | 6,4         | 0,0         | 0,5         | 1,6         |
| Custo de oportunidade da terra                    | 2,1         | 3,0         | 4,1         | 2,7         | 1,5         | 2,5         | 0,2         | 1,0         | 5,4         | 1,4         |
| Melloras en parcelas, drenaxes, accesos           | 0,7         | 0,4         | 0,0         | 0,2         | 0,2         | 0,4         | 0,0         | 0,1         | 0,2         | 0,0         |
| Contribucións e cargas                            | 0,5         | 0,5         | 0,8         | 0,6         | 0,6         | 0,7         | 0,0         | 0,0         | 0,8         | 0,0         |
| <b>Custos da terra</b>                            | <b>6,8</b>  | <b>4,6</b>  | <b>5,9</b>  | <b>4,3</b>  | <b>5,6</b>  | <b>4,2</b>  | <b>6,6</b>  | <b>1,1</b>  | <b>7,0</b>  | <b>3,0</b>  |
| <b>Outros Custos</b>                              | <b>4,8</b>  | <b>2,3</b>  | <b>2,9</b>  | <b>2,0</b>  | <b>1,6</b>  | <b>2,1</b>  | <b>1,6</b>  | <b>1,9</b>  | <b>1,9</b>  | <b>1,1</b>  |
| <b>Custos Totais</b>                              | <b>64,9</b> | <b>45,2</b> | <b>57,3</b> | <b>47,3</b> | <b>55,2</b> | <b>45,7</b> | <b>53,0</b> | <b>36,1</b> | <b>45,6</b> | <b>39,1</b> |
| <b>Custos efectivos</b>                           | <b>41,7</b> | <b>23,9</b> | <b>31,6</b> | <b>29,1</b> | <b>34,6</b> | <b>27,7</b> | <b>39,1</b> | <b>22,2</b> | <b>31,4</b> | <b>22,1</b> |
| Amortizacións                                     | 6,5         | 4,9         | 8,4         | 5,6         | 6,6         | 5,8         | 4,2         | 2,7         | 4,4         | 2,1         |
| <b>Custos de oportunidade</b>                     | <b>16,7</b> | <b>16,3</b> | <b>17,2</b> | <b>12,6</b> | <b>14,0</b> | <b>12,3</b> | <b>9,7</b>  | <b>11,2</b> | <b>9,8</b>  | <b>14,9</b> |
| <b>RESULTADOS (€/100 kg ECM)</b>                  |             |             |             |             |             |             |             |             |             |             |
| Renda familiar                                    | -2,4        | 4,5         | 18,2        | 0,3         | -0,2        | 2,6         | 18,2        | 5,1         | -0,8        | 7,7         |
| Beneficio empresarial (sen primas desacopladas)   | -19,1       | -11,8       | 1,0         | -12,3       | -14,2       | -9,7        | 8,5         | -6,1        | -10,5       | -7,2        |
| Beneficio empresarial (con primas desacopladas)   | -14,6       | -7,7        | 5,0         | -8,9        | -9,8        | -6,2        | 23,5        | -1,7        | -2,7        | -2,7        |
| Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)   | 42,1        | 25,5        | 25,9        | 26,2        | 38,3        | 27,3        | 18,7        | 22,2        | 31,9        | 17,3        |
| Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)  | 55,3        | 38,6        | 39,8        | 36,2        | 49,1        | 36,4        | 28,4        | 33,4        | 39,8        | 30,3        |
| Retribución do traballo (sen primas desacopladas) | -20,3       | -7,2        | 21,2        | -16,9       | -22,0       | -4,9        | 31,7        | 8,4         | -1,8        | 0,1         |

Táboa 39. Análise EDF: razóns das diferenzas en custos e ingresos

|  | Alemaña |       | Dinamarca |       | España |       | Francia |      |
|--|---------|-------|-----------|-------|--------|-------|---------|------|
|  | Eco     | Conv  | Eco       | Conv  | Eco    | Conv  | Eco     | Conv |
| <b>DATOS XERAIS</b>                                |         |       |           |       |        |       |         |      |
| Superficie total da explotación (ha)               | 181     | 150   | 387       | 239   | 39     | 25    | 221     | 175  |
| Proporción de superficie arrendada (%)             | 100     | 66    | 62        | 76    | 34     | 9     | 100     | 100  |
| Man de obra familiar total (traballadores)         | 2       | 2     | 1         | 2     | 3      | 1     | 3       | 3    |
| Man de obra asalariada total (traballadores)       | 3       | 1     | 4         | 3     | 0      | 0     | 0       | 1    |
| Número de vacas                                    | 166     | 168   | 283       | 206   | 47     | 46    | 130     | 135  |
| Ingresos de leite sobre os totais (%)              | 100     | 95    | 84        | 93    | 90     | 90    | 86      | 76   |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE</b>                         |         |       |           |       |        |       |         |      |
| Cota total dispoñible (t ECM 4% graxa)             | 1119    | 1394  | 2372      | 1628  | 372    | 323   | 776     | 862  |
| Producción total de leite (t ECM/ano)              | 1327    | 1454  | 2373      | 1718  | 251    | 321   | 808     | 930  |
| Leite vendido ás industrias (t ECM/ano)            | 1301    | 1432  | 2339      | 1691  | 251    | 317   | 774     | 882  |
| Reemprego leite ou venda directa (t ECM/ano)       | 26      | 21    | 34        | 27    | 0      | 4     | 34      | 48   |
| Contido de graxa (%)                               | 4,1     | 3,9   | 4,2       | 4,1   | 3,6    | 3,8   | 4,1     | 4,0  |
| Contido de proteína (%)                            | 3,2     | 3,4   | 3,4       | 3,3   | 3,1    | 3,2   | 3,2     | 3,3  |
| Rendemento leiteiro (kg ECM por vaca)              | 7995    | 8686  | 8385      | 8355  | 5347   | 6991  | 6218    | 6894 |
| <b>USO DO SOLO</b>                                 |         |       |           |       |        |       |         |      |
| Superficie forraxeira (ha)                         | 170     | 143   | 387       | 233   | 39     | 25    | 221     | 117  |
| Superficie forraxeira arrendada (%)                | 100     | 70    | 62        | 77    | 34     | 9     | 100     | 100  |
| Prados (% superficie forraxeira)                   | 100     | 46    | 3         | 49    | 100    | 56    | 5       | 38   |
| Labradío sobre superficie forraxeira (%)           | 0       | 48    | 48        | 32    | 0      | 44    | 30      | 36   |
| Carga gandeira (vacas/ha)                          | 0,98    | 1,21  | 0,73      | 0,97  | 1,21   | 2,65  | 0,59    | 1,20 |
| Produtividade da terra (kg ECM por ha)             | 7807    | 10493 | 6132      | 8144  | 6444   | 20893 | 3658    | 8398 |
| <b>MAN DE OBRA</b>                                 |         |       |           |       |        |       |         |      |
| Traballo (horas/vaca)                              | 50      | 41    | 36        | 42    | 123    | 77    | 55      | 41   |
| Produtividade do traballo (kg ECM/ hora)           | 161     | 219   | 235       | 205   | 44     | 101   | 112     | 181  |
| <b>CAPITAL</b>                                     |         |       |           |       |        |       |         |      |
| Capital total (sen terra nin cota) (€/vaca)        | 5056    | 5788  | 9921      | 6921  | 4394   | 4032  | 8430    | 5511 |
| Maquinaria (€/vaca)                                | 1056    | 1281  | 2515      | 1617  | 1341   | 942   | 3606    | 943  |
| Construcións (€/vaca)                              | 2070    | 2990  | 4478      | 3179  | 1622   | 1347  | 2191    | 2397 |
| Gando (€/vaca)                                     | 1001    | 1159  | 1285      | 1149  | 1432   | 1743  | 1500    | 1385 |
| Produtividade do capital (kg ECM por 1000€)        | 1581    | 1701  | 845       | 1376  | 1217   | 1904  | 738     | 1493 |
| <b>MANEXO DO RABAÑO</b>                            |         |       |           |       |        |       |         |      |
| Ocupación da corte (%)                             | 95      | 87    | 94        | 92    | 85     | 108   | 104     | 87   |
| Idade ao primeiro parto (meses)                    | 26      | 28    | 28        | 27    | 25     | 23    | 30      | 29   |
| Intervalo entre partos (días)                      | 437     | 401   | 400       | 413   |        | 141   | 425     | 405  |
| Taxa de eliminación de vacas (%)                   | 17      | 31    | 19        | 22    | 13     | 17    | 17      | 25   |
| Producción de leite na vida útil da vaca           | 30786   | 22769 | 27620     | 27058 |        | 5333  | 20000   | 5333 |
| Mortalidade dos xatos (%)                          |         | 22,1  |           | 22,1  |        | 2,7   |         |      |
| <b>ALIMENTACIÓN</b>                                |         |       |           |       |        |       |         |      |
| Consumo de concentrado (kg por vaca e día)         | 11,2    | 7,6   | 4,6       | 7,8   | 3,3    | 6,8   | 3,2     | 4,8  |
| Produtividade/Concentrado (kg leite ECM/ kg conc.) | 1,9     | 2,4   | 5,0       | 3,1   | 4,5    | 3,2   | 5,3     | 4,8  |
| Leite producido sen concentrado (kg /vaca ano)     | -211    | 1822  | 5062      | 2224  | 2952   | 2012  | 3864    | 3405 |
| <b>PREZOS</b>                                      |         |       |           |       |        |       |         |      |
| Prezo do leite (€/100 kg ECM)                      | 43      | 30    | 35        | 27    | 46     | 31    | 41      | 31   |
| Prezo da vaca de abasto (€/kg de peso vivo)        | 0,63    | 0,95  | 1,01      | 0,86  | 0,60   | 0,82  | 1,35    | 1,54 |
| Prezo dos xatos (€/xato)                           |         | 58    | 93        | 50    | 158    | 101   | 117     | 160  |
| Prezo de arrendamento da terra (€/ha)              | 67      | 178   | 620       | 288   |        | 163   | 91      | 219  |
| Salarios (€/hora)                                  | 8,8     | 12,4  | 15,8      | 12,3  |        | 5,2   | 2,5     | 11,7 |
| Prezo do concentrado (€/t)                         |         | 261   | 556       | 198   | 391    | 273   | 297     | 277  |




Táboa 39.- Análise EDF: razóns das diferenzas en custos e ingresos. **Continuación.**

|  | Holanda-1 |       | Holanda-2 |       | Holanda-3 |       | Suecia |       | Reino Unido |       |
|--|-----------|-------|-----------|-------|-----------|-------|--------|-------|-------------|-------|
|  | Eco       | Conv  | Eco       | Conv  | Eco       | Conv  | Eco    | Conv  | Eco         | Conv  |
| <b>DATOS XERAIS</b>                                |           |       |           |       |           |       |        |       |             |       |
| Superficie total da explotación (ha)               | 60        | 44    | 129       | 96    | 99        | 101   | 220    | 60    | 154         | 62    |
| Proporción de superficie arrendada (%)             | 59        | 31    | 51        | 30    | 71        | 24    | 82     |       | 9           | 55    |
| Man de obra familiar total (traballadores)         | 1         | 1     | 1         | 1     | 2         | 1     | 1      | 2     | 1           | 2     |
| Man de obra asalariada total (traballadores)       | 0         | 0     | 0         | 1     | 0         | 1     | 1      | 1     | 2           | 0     |
| Número de vacas                                    | 72        | 73    | 142       | 143   | 159       | 158   | 56     | 66    | 90          | 103   |
| Ingresos de leite sobre os totais (%)              | 88        | 87    | 94        | 88    | 90        | 86    | 80     | 85    | 52          | 82    |
| <b>PRODUCCIÓN DE LEITE</b>                         |           |       |           |       |           |       |        |       |             |       |
| Cota total dispoñible (t ECM 4% graxa)             | 503       | 555   | 832       | 1148  | 1021      | 1220  | 534    | 998   | 654         | 756   |
| Produción total de leite (t ECM/ano)               | 466       | 560   | 838       | 1209  | 1022      | 1221  | 442    | 721   | 474         | 548   |
| Leite vendido ás industrias (t ECM/ano)            | 466       | 558   | 812       | 1206  | 1022      | 1216  | 404    | 714   | 454         | 536   |
| Reemprego leite ou venda directa (t ECM/ano)       | 0         | 3     | 25        | 2     | 0         | 5     | 39     | 8     | 19          | 11    |
| Contido de graxa (%)                               | 4,4       | 4,2   | 4,3       | 4,3   | 4,3       | 4,4   | 4,1    | 4,1   | 4,4         | 4,3   |
| Contido de proteína (%)                            | 3,4       | 3,4   | 3,5       | 3,5   | 3,3       | 3,5   | 3,4    | 3,4   | 3,3         | 3,4   |
| Rendemento leiteiro (kg ECM por vaca)              | 6468      | 7744  | 5899      | 8484  | 6430      | 7753  | 7944   | 11028 | 5266        | 5365  |
| <b>USO DO SOLO</b>                                 |           |       |           |       |           |       |        |       |             |       |
| Superficie forraxeira (ha)                         | 52        | 42    | 129       | 92    | 99        | 85    | 220    | 60    | 98          | 62    |
| Superficie forraxeira arrendada (%)                | 69        | 32    | 51        | 31    | 71        | 30    | 82     | 0     | 10          | 55    |
| Prados (% superficie forraxeira)                   | 81        | 79    | 100       | 79    | 100       | 85    | 5      | 0     | 18          | 100   |
| Labradío sobre superficie forraxeira (%)           | 19        | 21    | 0         | 21    | 0         | 15    | 45     | 17    | 33          | 0     |
| Carga gandeira (vacas/ha)                          | 1,38      | 1,77  | 1,11      | 1,64  | 1,61      | 1,91  | 0,25   | 1,13  | 0,92        | 1,76  |
| Produtividade da terra (kg ECM por ha)             | 8930      | 13793 | 6519      | 13837 | 10327     | 14756 | 2011   | 12621 | 4841        | 9547  |
| <b>MAN DE OBRA</b>                                 |           |       |           |       |           |       |        |       |             |       |
| Traballo (horas/vaca)                              | 32        | 37    | 26        | 30    | 23        | 30    | 57     | 64    | 33          | 33    |
| Produtividade do traballo (kg ECM/ hora)           | 203       | 216   | 226       | 290   | 284       | 256   | 138    | 173   | 158         | 161   |
| <b>CAPITAL</b>                                     |           |       |           |       |           |       |        |       |             |       |
| Capital total (sen terra nin cota) (€/vaca)        | 4208      | 4201  | 4690      | 5784  | 4491      | 5157  | 6436   | 4637  | 2913        | 5214  |
| Maquinaria (€/vaca)                                | 1278      | 1076  | 1754      | 1274  | 975       | 1353  | 1851   | 813   | 727         | 721   |
| Construcións (€/vaca)                              | 1931      | 2080  | 1908      | 3494  | 2509      | 2786  | 570    | 1324  | 116         | 2571  |
| Gando (€/vaca)                                     | 1000      | 1045  | 1028      | 1016  | 1006      | 1019  | 1530   | 1038  | 1220        | 1459  |
| Produtividade do capital (kg ECM por 1000€)        | 1537      | 1874  | 1258      | 1487  | 1432      | 1564  | 1234   | 2485  | 1808        | 1251  |
| <b>MANEXO DO RABAÑO</b>                            |           |       |           |       |           |       |        |       |             |       |
| Ocupación da corte (%)                             | 80        | 92    | 101       | 93    | 72        | 82    | 75     | 105   | 75          | 93    |
| Idade ao primeiro parto (meses)                    | 25        | 27    | 26        | 25    | 24        | 25    | 26     | 26    | 33          | 25    |
| Intervalo entre partos (días)                      | 400       | 430   | 420       | 403   | 395       | 412   | 404    | 389   | 388         | 415   |
| Taxa de eliminación de vacas (%)                   | 36        | 28    | 29        | 26    | 28        | 33    | 65     | 46    | 9           | 19    |
| Produción de leite na vida útil da vaca            | 21380     | 25744 | 19626     | 28175 | 21581     | 25778 | 32000  | 27500 | 37500       | 22660 |
| Mortalidade dos xatos (%)                          |           | 15,4  |           | 14,8  |           | 13,6  |        |       |             | 6,2   |
| <b>ALIMENTACIÓN</b>                                |           |       |           |       |           |       |        |       |             |       |
| Consumo de concentrado (kg por vaca e día)         | 5,1       | 5,2   | 3,4       | 5,4   | 2,7       | 5,9   | 8,5    | 12,1  | 3,8         | 4,0   |
| Produtividade/Concentrado (kg leite ECM/ kg conc.) | 3,4       | 4,1   | 4,7       | 4,4   | 6,6       | 3,8   | 2,6    | 2,6   | 3,8         | 3,8   |
| Leite producido sen concentrado (kg /vaca ano)     | 2715      | 3920  | 3400      | 4563  | 4467      | 3447  | 1725   | 2212  | 2495        | 2465  |
| <b>PREZOS</b>                                      |           |       |           |       |           |       |        |       |             |       |
| Prezo do leite (€/100 kg ECM)                      | 40        | 30    | 44        | 31    | 38        | 31    | 37     | 27    | 31          | 25    |
| Prezo da vaca de abasto (€/kg de peso vivo)        | 0,83      | 0,77  | 1,00      | 0,80  | 1,02      | 0,78  | 0,99   | 0,87  | 1,08        | 0,98  |
| Prezo dos xatos (€/xato)                           | 104       | 96    | 98        | 103   | 92        | 128   | 283    | 153   | 112         | 118   |
| Prezo de arrendamento da terra (€/ha)              | 452       | 229   | 119       | 201   | 476       | 238   | 145    |       | 249         | 253   |
| Salarios (€/hora)                                  | 19,0      | 14,7  | 19,0      | 19,0  |           | 19,0  | 17,9   | 17,6  | 14,2        | 2,7   |
| Prezo do concentrado (€/t)                         | 392       | 253   | 406       | 226   | 439       | 220   | 637    | 232   | 340         | 201   |

## 7.4. Metodoloxía EDF para a comparación dos custos de produción

Para a comparación anual dos custos de produción da EDF utilízanse os datos subministrados polas explotacións individuais. O seguinte gráfico mostra como se define a actividade leiteira da explotación. A recría e a produción de forraxes considéranse que forman parte dela.



### 7.4.1. Cálculo do custo de produción

Os datos recóllense mediante un cuestionario específico que é cuberto polos participantes na análise unha vez ao ano. Pregúntase polos valores monetarios da conta de perdas e ganancias e do balance do último exercicio contable da totalidade da explotación para mostrar a porcentaxe de gastos e ingresos que corresponden á actividade leiteira. Adicionalmente recóllense, tamén, cifras relativas aos factores de produción, rendementos e información xeral sobre o sistema de produción da explotación. Todos os datos se introducen no modelo de cálculo da EDF que os procesa paso a paso:

1. Todos os valores monetarios convértense en euros, conforme os tipos de cambio publicados por EUROSTAT.
2. Para poder comparar os valores que non están gravados con IVE, os valores monetarios axústanse de acordo coa regulación do IVE de cada país aplicada á explotación. Un beneficio ou perda sen IVE considérase unha especie de prima (ou exacción) acoplada.

3. Para poder comparar as amortizacións e activos (maquinaria e equipamento, edificios e instalacións), estas cifras son corrixidas polo valor de reposición, utilizando os factores de axuste de cada país, calculados conforme as taxas de inflación publicadas por EUROSTAT.
4. Os custos efectivos e as amortizacións da actividade leiteira son calculados multiplicando os datos da conta de perdas e ganancias do conxunto da explotación pola porcentaxe que corresponde á actividade leiteira segundo declaran os participantes no cuestionario. Non se consideran a amortización da cota nin os xuros pagados.
5. A remuneración dos factores de produción fornecidos polos propietarios calcúlase da seguinte maneira:
  - Man de obra familiar: as horas de traballo multiplícanse polo salario bruto medio nacional dun traballador cualificado por hora, incluídos os custos non salariais.
  - Terra propia: multiplícase a superficie en propiedade pola renda media pagada polas explotacións da rexión.
  - Cota láctea propia: a cantidade da cota en propiedade da explotación multiplícase polo prezo medio de compra da cota na rexión e o tipo de xuro medio nacional.
6. O custo das débedas do capital e o capital propio investido calcúlase multiplicando o valor imputado aos activos (maquinaria e equipamento, edificios e instalacións, gando, capital circulante e outros, salvo terra e cota láctea) polo tipo medio de xuro do país.
7. A produción de leite da explotación axústase para un contido do 4% de graxa e 3,4% de proteína, e exprésase en ECM (Energy-Corrected Milk).
8. Finalmente, todos os custos e ingresos da actividade leiteira divídense pola produción de leite en ECM.

#### 7.4.2. Cifras clave da comparación dos custos de produción da EDF para explotacións leiteiras

O seguinte gráfico ofrece unha visión do conxunto da composición dos custos e ingresos da actividade leiteira e das cifras clave da parte económica da análise da EDF.

A continuación explícase como se calculan as cifras clave e o seu significado.

Renda familiar da explotación:

= Ingresos totais – Custos efectivos – Amortizacións

= Renda do produtor e a súa familia, despois de cubrir os custos efectivos e as amortizacións e que se destina a remunerar o traballo familiar, os xuros do capital e a cubrir os custos de oportunidade dos factores fornecidos polo propietario (terra e capital propios)

Beneficio empresarial I (excluídas as primas desacopladas)

= Ingresos totais – Custos totais

= Beneficio sen primas desacopladas, unha vez cubertos todos os custos

Beneficio empresarial II (excluídas as primas desacopladas)

- = Ingresos totais – Custos totais + Primas desacopladas (imputadas pola porcentaxe da superficie forraxeira)
- = Beneficio con primas desacopladas, unha vez cubertos todos os custos

Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)


- = Custos totais – Custos estimados – Arrendamento da cota e supertaxa – Ingresos non procedentes do leite
- = Prezo do leite que cobre os custos efectivos e as amortizacións, sen o custo da cota.

Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)

- = Custos totais – Custos da cota (arrendamento, supertaxa e custo de oportunidade da cota) – Ingresos non procedentes do leite
- = Prezo do leite que cobre todos os custos, sen o custo da cota.

Remuneración do traballo (excluídas as primas desacopladas)

- = Beneficio empresarial + Custos de persoal + Remuneración estimada da man de obra familiar /Horas traballadas totais
- = Remuneración potencial da hora de traballo



### 7.4.3. Tipos de cambio

Utilizáronse os seguintes tipos de cambio (1 Euro =unidades da moeda nacional)

| País e moeda    |     |                   | 2004   | 2005   | 2006   | 2007   | 2008   | 2009   |
|-----------------|-----|-------------------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|
| Zona Euro       | EUR |                   | 1      | 1      | 1      | 1      | 1      | 1      |
| República Checa | CZK | Coroa checa       | 31,89  | 29,78  | 28,34  | 27,77  | 24,95  | 26,44  |
| Dinamarca       | DKK | Coroa danesa      | 7,44   | 7,45   | 7,46   | 7,45   | 7,46   | 7,45   |
| Hungría         | HUF | Florín            | 251,66 | 248,05 | 264,26 | 251,35 | 251,51 | 280,33 |
| Polonia         | PLN | Novo zloty        | 4,53   | 4,02   | 3,90   | 3,78   | 3,51   | 4,33   |
| Rusia           | RUB | Rublo ruso        |        |        |        |        | 36,42  | 44,14  |
| Suecia          | SEK | Coroa sueca       | 9,12   | 9,28   | 9,25   | 9,25   | 9,62   | 10,62  |
| Suíza           | CHF | Franco suízo      | 1,54   | 1,55   | 1,57   | 1,64   | 1,59   | 1,51   |
| Ucráina         | UAH | Hryvna            | 6,61   | 6,39   | 6,34   | 6,92   | 7,71   | 10,87  |
| Reino Unido     | GBP | Libra esterlina   | 0,68   | 0,68   | 0,68   | 0,68   | 0,80   | 0,89   |
| Australia       | AUD | Dólar australiano |        |        |        |        | 1,74   | 1,77   |

Fonte: EUROSTAT 2010, Banco Nacional de Ucraína, Banco Nacional de Rusia




## 7.4.4. Salarios

Utilizáronse os seguintes custos laborais por hora (custos non salariais incluídos) para estimar a remuneración da man de obra familiar

| País e moeda         |            | 2004                    | 2005  | 2006  | 2007  | 2008  | 2009  |
|----------------------|------------|-------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|
| <b>Zona Euro</b>     | <b>EUR</b> | <b>Salario por hora</b> |       |       |       |       |       |
| Alemaña Oriental     | EUR        | 12,0                    | 12,1  | 12,2  | 12,4  | 12,6  | 12,9  |
| Alemaña Occidental   | EUR        | 16,0                    | 16,1  | 16,3  | 16,5  | 16,8  | 17,2  |
| Austria              | EUR        | 11,8                    | 11,8  | 11,8  | 11,8  | 11,8  | 11,8  |
| Bélxica              | EUR        | 13,4                    | 13,8  | 13,9  | 14,1  | 14,5  | 14,5  |
| Eslovaquia           | EUR        | 3,1                     | 3,2   | 3,4   | 3,8   | 4,2   | 4,4   |
| España               | EUR        | 11,1                    | 11,4  | 11,9  | 12,4  | 13,0  | 14,0  |
| Francia              | EUR        | 14,0                    | 14,0  | 14,0  | 14,0  | 14,5  | 14,8  |
| Holanda              | EUR        | 18,0                    | 18,0  | 18,0  | 18,0  | 18,3  | 18,5  |
| Irlanda              | EUR        | 10,0                    | 11,0  | 13,9  | 14,0  | 13,0  | 11,0  |
| Italia               | EUR        | 10,0                    | 10,1  | 10,2  | 10,3  | 9,2   | 9,2   |
| Luxemburgo           | EUR        | 15,0                    | 15,0  | 15,0  | 11,5  | 15,0  |       |
| <b>Zona non Euro</b> |            | <b>Salario por hora</b> |       |       |       |       |       |
| Dinamarca            | DKK        | 150,0                   | 150,0 | 150,0 |       | 150,0 | 180,0 |
|                      | EUR        | 20,2                    | 20,1  | 20,1  |       | 20,1  | 24,2  |
| Eslovaquia           | SKK        | 125,0                   | 125,0 | 125,0 | 128,9 | 130,6 | 130,6 |
|                      | EUR        | 3,1                     | 3,2   | 3,4   | 3,8   | 4,2   | 4,2   |
| Hungría              | HUF        | 850,0                   | 900,0 | 920,0 | 930,0 |       |       |
|                      | EUR        | 3,4                     | 3,6   | 3,5   | 3,7   |       |       |
| Polonia              | PLN        | 6,9                     | 7,2   | 7,5   | 7,5   | 8,0   | 12,0  |
|                      | EUR        | 1,5                     | 1,8   | 1,9   | 2,0   | 2,3   | 2,8   |
| Reino Unido          | GBP        | 10,0                    | 10,0  | 10,0  | 10,0  | 10,0  | 10,0  |
|                      | EUR        | 14,7                    | 14,6  | 14,7  | 14,6  | 12,6  | 11,2  |
| República Checa      | CZK        |                         | 129,0 | 129,0 | 130,0 | 132,0 | 132,0 |
|                      | EUR        |                         | 4,3   | 4,6   | 4,7   | 5,3   | 5,0   |
| Suecia               | SEK        | 171,0                   | 174,5 | 173,1 | 184,0 | 192,0 | 200,0 |
|                      | EUR        | 18,7                    | 18,8  | 18,7  | 19,9  | 20,0  | 18,8  |
| Suíza                | CHF        | 25,0                    | 26,0  | 26,0  | 26,0  | 27,0  | 28,0  |
|                      | EUR        | 16,2                    | 16,8  | 16,5  | 15,8  | 17,0  | 18,5  |
| Ucráina              | UAH        |                         |       |       | 7,5   | 7,6   | 7,6   |
|                      | EUR        |                         |       |       | 1,1   | 1,0   | 0,7   |

Fonte: EDF STAR Team

## CONCLUSIONES







Despois da excepcional suba de 2007, o prezo do leite non deixou de descender ata xullo de 2009, ano en que experimentou unha lixeira recuperación que non chegaría alcanzar o nivel de 2006. O prezo medio anual de 2009 foi un 24,8% inferior ao de 2008 e entre decembro de 2007 e o mesmo mes de 2009 o descenso foi do 37,9%. Esta tendencia é semellante á do resto de Europa.

Esta caída do prezo do leite é a razón fundamental dos pésimos resultados económicos de 2009, malia ter diminuído os custos variables nun 18,1%, o custo de produción nun 12,3% e os custos totais nun 10%. Os custos fixos aumentaron e os de oportunidade permaneceron relativamente estables. Dentro destes, os relativos á terra e capitais propios reducíronse, mentres os do traballo familiar aumentaron. A diminución dos ingresos totais nun 15,5% provocaría a baixada da marxe neta nun 23,5% e do beneficio nun 42,4%.

O máis salientable é a evolución do consumo de concentrado e do rendemento leiteiro que mostra como unha redución do primeiro non ten por que supor unha baixada do segundo. Así, mentres en 2005 se consumían 2.990 kg/vaca para un rendemento de 8.336 L/vaca, en 2009 obtivéronse 8.645 L/vaca con 2.982 kg/vaca, pasando a relación entre consumo de concentrado e produción de leite de 360 a 340 g/L nese período.

Os resultados amosan que para a rendibilidade dunha explotación é tan importante o control dos custos de produción como o prezo do leite ou os ingresos. A diferenza entre o produto bruto do grupo de cabeza e o de cola é de 3,78 €/100 L, mentres a existente entre o custo de produción de ambos os dous grupos se eleva a 11,38 €/100 L.

As explotacións que reduciron os seus custos consumían máis concentrado, tiñan un rendemento leiteiro máis alto e unha peor relación entre consumo de concentrado e produción de leite, o que indica que na súa redución do custo de alimentación incidíu tanto o menor prezo do concentrado como o aumento do volume de produción.

A maioría dos gandeiros tratou de limitar os seus custos, mais non todos foron capaces de facelo sen perder eficiencia produtiva. As explotacións que reduciron custos foron capaces de incrementar o rendemento leiteiro e manter a carga gandeira diminuíndo o consumo de concentrado; mentres as que incrementaron os custos, reduciron o rendemento por vaca e o consumo de concentrado e elevaron a carga gandeira. Con todo, a relación entre consumo de concentrado e produción de leite nas que reduciron custos é peor que nas que os aumentaron.

A diferenza cos resultados dos anos anteriores, as explotacións de cabeza son máis intensivas e con maior volume de produción que as de cola. Iso non significa que nun período de descenso do prezo do leite, os sistemas intensivos resistan mellor, senón que as explotacións ben xestionadas son as que mellor pasaron a situación, e que en determinadas condicións aumentar a intensificación pode contribuir á utilización óptima dos recursos dispoñibles.

O número de vacas, a superficie e a carga gandeira das explotacións galegas apenas variaron respecto ao ano anterior. O rendemento leiteiro experimentou un lixeiro incremento que se plasmou no aumento da produción de leite por unidade de superficie e da produción comercializada por explotación. O efecto combinado dunha leve redución do consumo de concentrado por vaca co incremento do rendemento leiteiro permitiu a mellora da relación entre consumo de concentrado e produción de leite.

A caída do prezo do leite e o aumento continuado do prezo do concentrado, malia o descenso deste en 2009, levou a relación entre o prezo do leite e o do concentrado a mínimos históricos (1,05).

A comparación no ámbito europeo mostra que as explotacións galegas son de menor tamaño que a media e de inferior rendemento por vaca; mais a súa elevada carga gandeira permítelle unha produción maior de leite por unidade de superficie. Esa alta densidade gandeira aséntase nunha superficie forraxeira na que os prados ocupan o 58%, o que exige un elevado consumo de concentrado e supón un elevado custo da alimentación do gando, ao que se xuntan uns gastos en sanidade e reprodución animal tamén máis altos. Aínda que os custos directos e os totais das explotacións galegas foron superiores aos da media europea, o prezo do leite e os ingresos totais, tamén o foron. O resultado é unha renda familiar e unha retribución do traballo superiores, mais uns beneficios e un limiar de rendibilidade lixeiramente inferiores que os da media.

A diminución do prezo do leite e dos ingresos totais afectou todos os países e só o grupo de cabeza constituído polo 25% das mellores explotacións da EDF logrou ter beneficio en 2009. En todas partes se tratou de reducir os custos, mais o seu descenso foi insuficiente para compensar a diminución dos ingresos.

As explotacións que incrementaron os seus custos sufriron unha redución da renda familiar, do beneficio e da retribución ao traballo en todos os países, e entre as que os reduciron, só as francesas lograron aumentar a renda familiar e a retribución do traballo, mais non puideron impedir a baixada dos beneficios.

As explotacións galegas da EDF tiveron un bo comportamento en relación coas doutros países: reduciron o consumo de concentrado nun 10,8%, os custos directos nun 13,7% e os totais nun 6,5%, o que lles permitiu mellorar os limiares de rendibilidade.

A información dispoñible sobre a produción ecolóxica de leite é moi escasa, o que limita as posibilidades de comparación, pois a heteroxeneidade das explotacións é maior que nas convencionais. Un trazo común ás explotacións ecolóxicas é que os seus ingresos, derivados do mellor prezo do leite, son superiores aos das convencionais.

En xeral, os custos da produción ecolóxica son máis altos. Porén, aquelas explotacións que producen parte dos alimentos para os animais poden ter custos directos semellantes e mesmo inferiores aos das convencionais. Só en casos excepcionais, os resultados das explotacións ecolóxicas son superiores aos das convencionais.

A única explotación ecolóxica galega presente na análise é a que recibe un prezo máis alto polo leite e a que ten maiores ingresos, mais os seus custos tamén son os máis elevados. Só supera ás convencionais na renda familiar.



galicia



XUNTA  
DE GALICIA